- Edificios privados de residentes non vulnerables.
- Rehabilitación de edificios públicos.
- Rehabilitación de edificios comerciais ou de servizos.
- Edificios de nova construción. Edificios de Consumo Case Nulo (nZEB)

CSV: REXISTRO27D1BI8Np8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 09:59:14
Nº Rexistro: 56408
Data envio: 26/09/2019 09:59:14.728

**Proposta de resolución nº 34**

**SOBRE A POTENCIACIÓN DA FP2 E FP3 NO EIDO DA INSTALACIÓN E O MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS DE ENERXÍAS RENOVABLES E DO TRANSPORTE ELÉCTRICO.**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia á potenciación dos Ciclos de grao medio e superior de Formación Profesional no eido da instalación e o mantemento de instalacións de enerxías renovables e do transporte eléctrico. Este desenvolvemento farase con prioridade temporal de implantación nas comarcas máis afectadas polo impacto social e laboral da transición enerxética.

CSV: REXISTRO27D1BI8Np8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 09:59:14
Nº Rexistro: 56408
Data envio: 26/09/2019 09:59:14.728

**Proposta de resolución nº 35**

**SOBRE A APROBACIÓN INMEDIATA DO ESTATUTO DAS INDUSTRIAS ELECTROINTENSIVAS TENDO EN CONTA TODAS AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS E CAMBIO DA REGULACIÓN DO SECTOR ELÉCTRICO PARA BAIXAR O RECIBO AOS FOGARES E AS EMPRESAS**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a instar ao Goberno do Estado a aprobación inmediata do Estatuto das Industrias Electrointensivas tendo en conta todas as alegacións presentadas polos traballadores, as empresas e as organizacións políticas e o cambio da regulación do sector eléctrico para baixar o recibo aos fogares e as empresas.

CSV: REXISTRO27D1BI8Np8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 09:59:14
Nº Rexistro: 56408
Data envio: 26/09/2019 09:59:14.728

**Proposta de resolución nº 36**

**SOBRE OS SERVIZOS COMUNITARIOS DE ATENCIÓN TEMPERÁ EN TODO O PAÍS**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver de xeito pleno a Rede Galega de Atención Temperá, cun plan de consolidación da mesma que garanta o despregamento de servizos comunitarios en todo o País, cun sistema de financiamento estable que garanta a estabilidade do persoal e a profesionalidade e coa elevación dos fondos destinados a este servizo, comezando por, canto menos, triplicar os fondos nos Orzamentos de 2020.

CSV: REXISTRO27D1BI8Np8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 09:59:14
Nº Rexistro: 56408
Data envio: 26/09/2019 09:59:14.728

**Proposta de resolución nº 37**

**SOBRE A POTENCIACIÓN DO I+D+i CO OBXETIVO DE CHEGAR AO 2% DO PIB EN 4 ANOS. CON ESPECIAL INCIDENCIA NAS ENERXÍAS RENOVABLES, A EFICIENCIA ENERXÉTICA E A SOSTIBILIDADE EN XERAL. NO MESMO XEITO ENFOCAR NA INDUSTRIA MANUFACTUREIRA DE DERIVADOS DA AGROGANDEIRÍA.**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia á Potenciación do I+D+i co obxectivo de chegar ao 2% do PIB en 4 anos. Con especial incidencia nas enerxías renovables, a eficiencia enerxética, a sustentabilidade en xeral. No mesmo xeito enfocar na industria manufactureira de derivados do sector forestal e agrogandeiro. Todo elo incrementando os orzamentos destinados a este fin cunha execución completa.

CSV: REXISTRO27D1BI8Np8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 09:59:14
Nº Rexistro: 56408
Data envio: 26/09/2019 09:59:14.728

**Proposta de resolución nº 38**

## SOBRE A ELABORACIÓN DUN NOVO PLAN DE REDE E DE ACCESO GARANTIDO A BANDA LARGA EN TODA GALICIA.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver un Plan de rede e de acceso garantido a banda larga en toda Galicia. Desenvolver un plan de rede pública a través de Retegal para reducir a fenda dixital e garantir a banda larga de internet en todo o territorio galego, que se podería empregar por calquera operadora privada en réxime de concesión e/ou aluguer.

CSV: REXISTRO27D1BI8Np8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 09:59:14
Nº Rexistro: 56408
Data envio: 26/09/2019 09:59:14.728

**Proposta de resolución nº 39**

**SOBRE A ELABORACIÓN DUN PLAN DE ACTUACIÓN URXENTE PARA PALIAR OS EFECTOS DO BREXIT CON ESPECIAL INCIDENCIA NO SECTOR DA PESCA.**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver un Plan de actuación urxente con dotación orzamentaria suficiente para paliar os efectos do Brexit sobre a economía de Galicia con especial incidencia no sector da pesca.

CSV: REXISTRO27D1BI8Np8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 09:59:14
Nº Rexistro: 56408
Data envío: 26/09/2019 09:59:14.728

**Proposta de resolución nº 40**

**SOBRE OS DEREITOS CÍVICOS E POLÍTICOS**

O Parlamento de Galicia asume a necesidade de promover mecanismos que permitan o libre exercicio do Dereito a decidir dos pobos, recoñecendo o dereito a decidir como elemento clave do compromiso democrático dende os valores republicanos –condenando, polo tanto, os pactos coas forzas de ultradereita negacionistas dos dereitos civís-, que permita a modificación do marco constitucional para garantir a mellora das liberdades individuais e colectivas e lograr un incremento do nivel de vida e os dereitos sociais, culturais e laborais, solicitando, ademais, dos poderes do estado a execución de todos os mecanismos que permitan a inmediata liberación das persoas presas por defender as súas lexitimas conviccións políticas.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 26/09/2019 09:51:17**

CSV: REXISTRO27D1Bl8Np8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:22:21
Nº Rexistro: 56413
Data envio: 26/09/2019 10:22:21.260

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta as seguintes **Propostas de resolución**, para que sexan tratadas polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao "**Debate anual sobre política xeral**".

CSV: REXISTRO254JdsJlI9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:22:21
Nº Rexistro: 56413
Data envío: 26/09/2019 10:22:21.260

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 1

**Un novo estatus político para Galiza**

Nos últimos anos ficou demostrado que o exiguo autogoberno galego non serviu para resolver os problemas estruturais do país. Pola contra, durante a crise económica, a limitada capacidade de decisión do noso país ficou en papel mollado froito do proceso de re-centralización política levada a cabo polo Estado español.

É evidente que o dereito a decidir dos pobos centrará o debate político nos próximos anos, non só no Estado senón en Europa. Cataluña, Euskadi ou Escocia así o evidencian. Neste contexto, Galiza non pode ficar parada, precisa superar o actual marco político e dotarse dunha maior capacidade de decisión sobre todas as cuestións que lle afectan.

Neste senso, o Parlamento galego acorda por resolución crear, no seu seo, unha ponencia que procure avanzar nun novo estatus político para o noso país que permita blindar os dereitos sociais e as liberdades públicas así como garantir o poder político necesario para desenvolver económica, social e culturalmente o noso pobo.

CSV: REXISTRO254JdsJlI9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 13:28:31
Nº Rexistro: 56435
Data envio: 26/09/2019 13:28:31.079

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, atendendo ao acordo da Mesa de 26 de setembro de 2019 sobre a cualificación das propostas de resolución en relación co debate de política xeral de 2019, **reformula** as propostas de resolución indicadas no punto B do Acordo (2, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 20, 21, 24, 25, 27 e 38), quedando redactadas da seguinte forma:

Proposta de resolución nº 2

**Unha axenda galega para nos facer valer**

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a activar de maneira inmediata unha axenda galega diante do Estado que incluirá:

- A derrogación da prórroga concedida a ENCE e un calendario para o traslado da factoría fóra da ría de Pontevedra.

- O pagamento do Porto exterior da Coruña.

- A creación de xulgados exclusivos de violencia de xénero en todas as cidades galegas.

- Un novo modelo de financiamento xusto para os Concellos galegos.

- A convocatoria da Comisión Mixta de transferencias para negociar con carácter prioritario as seguintes: ordenación do sector pesqueiro, investigación oceanográfica, portos de interese xeral, titulacións profesionais náutico-pesqueiras, ordenación do litoral e xestión do dominio público marítimo-terrestre (Costas), meteoroloxía, bacías hidrográficas, aeroportos, inspección de traballo, arbitraxe de consumo, museos, arquivos e bibliotecas do Estado (só está transferida a xestión) e autoestradas.

CSV: REXISTROXgcXqYFKy6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:22:21
Nº Rexistro: 56413
Data envío: 26/09/2019 10:22:21.260

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao "**Debate anual sobre política xeral**":

Proposta de resolución nº 3

**O galego, lingua propia de Galiza**

O Parlamento alerta das nocivas consecuencias que a política lingüística desenvolvida pola Xunta de Galiza na última década está a ter sobre os dereitos lingüísticos das galegas e galegos, especialmente entre a infancia e a mocidade. Así o confirman os informes publicados nos últimos anos polas máximas institucións lingüísticas do noso país. Por iso, a Cámara insta á Xunta de Galiza a:

- Derrogar de inmediato o Decreto 79/2010 para o plurilingüísmo no ensino non universitario.

- Reconstruír o consenso lingüístico e redactar un novo decreto que dea cumprimento ao disposto no Plan Xeral de Normalización Lingüística aprobado por unanimidade no Parlamento de Galiza en 2004.

Así mesmo, o Parlamento acorda por resolución constituír una ponencia para impulsar a reforma da Lei 3/1983, de Normalización Lingüística co obxectivo de a adaptar á realidade sociolingüística actual e incorporar, entre outras cuestións, o carácter vehicular da lingua galega no ensino.

CSV: REXISTRO254JdsJll9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 13:28:31
Nº Rexistro: 56435
Data envío: 26/09/2019 13:28:31.079

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Proposta de resolución nº 4

**Avanzar contra a violencia machista e atender ás esixencias do feminismo galego**

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a estar á altura das esixencias do histórico 8 de marzo de 2019, así como das mobilizacións en resposta aos feminicidios, comprometendo as seguintes medidas antes do fin de 2020:

- Incrementar as contías destinadas de forma específica e exclusiva a programas de violencia machista ata o 1% do total nos vindeiros Orzamentos.

- Cumprir e desenvolver todos os artigos da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero dando prioridade á atención psicolóxica e ás medidas de educación.

- Incrementar as prazas dispoñíbeis na Rede galega de acollemento mellorando a distribución territorial.

- Promover unha auditoría da situación dos Puntos de Encontro Familiar e acordar, en colaboración cos concellos galegos, os colectivos profesionais e feministas un novo regulamento que garanta a dignidade, seguridade e protección corrixindo as deficiencias respecto da intervención en situacións de violencia.

- Crear unha Unidade específica de violencia machista dependente da Dirección Xeral de Xustiza con persoal e orzamento propio que vele polo cumprimento real e efectivo da lexislación así como avanzar na creación de xulgados exclusivos nas cidades.

- Crear un novo mecanismo de indemnizacións ás vítimas de violencia machista que as homologue ás existentes para os delitos de terrorismo e impulsar unha suba lineal das contías da prestación periódica (artigo 39 da Lei 11/2007) de cando menos o 30%.

- Incorporar ao marco lexislativo os conceptos de feminicidio e de consentimento.

CSV: REXISTROXgcXqYFKy6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Colaborar co Parlamento Galego no impulso a unha Lei galega contra a trata.

- Demandar do goberno central a fin do incumprimento do Convenio de Istambul. De forma especial, esixirase que a efectos de todo o marco competencial estatal se adopte unha definición avanzada de violencia machista como a galega, que non limite a violencia ao ámbito privado.

- Rexeitar os acordos con partidos políticos que ameazan gravemente a dignidade e integridade das mulleres -como os promovidos en Valencia ou Madrid- ao negar a existencia da violencia machista, defender retrocesos nos dereitos reprodutivos ou a explotación dos corpos a través da permisividade dos ventres de alugueiro.

CSV: REXISTROXgcXqYFKy6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 13:28:31
Nº Rexistro: 56435
Data envío: 26/09/2019 13:28:31.079

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Proposta de resolución nº 5

**Soberanía financeira para blindar o futuro de Galiza.**

O Parlamento galego acorda por resolución a constitución dunha Comisión de Estudo para a elaboración, antes de finalizar a presente lexislatura, dunha proposta de país para un novo modelo de financiamento.

Así mesmo, o Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a defender os dereitos económicos que corresponden ao noso país e ao pobo galego. Co obxectivo de desenvolver as capacidades económicas e produtivas, blindar os servizos públicos esenciais e atender as crecentes necesidades sociais, adquírense os seguintes compromisos:

- Colaborar co Parlamento galego na elaboración da nova proposta de financiamento sen desbotar a posibilidade de demandar un modelo de concerto económico e capacidade tributaria plena para Galiza.

- Demandar a negociación dun novo sistema de financiamento para os concellos galegos que poña fin á actual situación de discriminación no reparto de fondos. Esixiranse criterios para o reparto como o impacto económico da dependencia, do avellentamento, da dispersión poboacional e as necesidades de reequilibrio territorial.

- Esixir do goberno central a derrogación da normativa sobre estabilidade financeira, así como da reforma do artigo 135 da Constitución, por restrinxir a capacidade de atención dos servizos públicos e vulnerar a nosa soberanía.

- Presentar os recursos xudiciais oportunos para reclamar do goberno central o pagamento da débeda contraída con Galiza por mor da demora do pagamento do IVE de 2017 e das entregas a conta pendentes.

CSV: REXISTROXgcXqYFKy6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 13:28:31
Nº Rexistro: 56435
Data envio: 26/09/2019 13:28:31.079

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Proposta de resolución nº 6

**Banca Pública Galega, panca para o desenvolvemento económico**

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a impulsar medidas para a corrección das debilidades do sistema financeiro galego, entre as que destacan a concentración bancaria, o incremento da exclusión financeira e a dificultade para particulares e tecido empresarial de acceder a crédito malia a capacidade aforradora galega. Para tal efecto, comprométense as seguintes medidas:

- Impulsar no primeiro semestre de 2020 dunha Banca Pública Galega ao servizo dos intereses do pobo galego como ferramenta para actuar diante do nivel de concentración bancaria, garantir un comportamento ético e non especulativo coas persoas consumidoras e fornecer de alternativas económicas ao tecido produtivo.

- Deseñar, debater e aprobar no Parlamento galego unha estratexia para a orientación pública do investimento produtivo e estratéxico para a próxima década.

- Demandar das institucións estatais e europeas o estabelecemento de condicións que obriguen á devolución íntegra das axudas e avais públicos concedidos ás entidades financeiras; unha nova regulación para o sector financeiro para limitar a especulación de capital e subordinar a actividade financeira ás necesidades xerais da economía e da sociedade; así como o impulso da reforma da normativa vixente canto a servizos de pago de forma que as entidades bancarias deban ter, segundo o seu tamaño e implantación, unha rede mínima de servizos ao público que evite a imposibilidade de acceso presencial aos seus servizos e á obtención de efectivo por parte da cidadanía.

CSV: REXISTROXgcXqYFKy6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 13:28:31
Nº Rexistro: 56435
Data envio: 26/09/2019 13:28:31.079

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Proposta de resolución nº 7

**Pola recuperación de dereitos e dignidade laboral**

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a ter unha posición decidida para reverter as consecuencias das duras políticas neoliberais aplicadas nos últimos anos que tan graves consecuencias están a ter para a clase traballadora, xa que os empregos, os salarios, as condicións de traballo danse con carácter de precariedade e sobre-explotación laboral. É unha evidencia que a vixencia das reformas impostas coa escusa da crise só consolida a precariedade, a pobreza laboral, o aumento da sinistralidade, as pensións de miseria e a emigración.

Esta posición concretarase nas seguintes cuestións a demandar: derrogación das reformas laborais; recoñecemento ao dereito á xubilación ordinaria aos 65 anos, establecer o cálculo da base reguladora polas bases de cotización dun período de dez anos da súa vida laboral, establecer o importe da pensión mínima no equivalente ao 60% do salario medio, establecer a actualización anual en base ao IPC, eliminar as penalizacións e discriminacións no acceso á pensión das persoas empregadas a tempo parcial; incrementar a contía do "Fondo extraordinario, perceptores subsidios e pensións non contributivas", de xeito que cada persoa prestataria de pensión non contributiva perciba un incremento de 100 euros mensuais na mesma; aprobar e aplicar de forma inmediata o incremento do salario mínimo interprofesional ata acadar o 60% do salario medio, tal como establece a Carta Social Europea; derogar o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) e a utilización do salario mínimo interprofesional como única referencia de indicador público para os efectos de fixar a contía de calquera tipo de prestación social pública; actuar de maneira decidida por parte da inspección de traballo para verificar a aplicación do "rexistro efectivo de xornada" e a lexislación laboral; que se habiliten instrumentos para ter capacidade de actuación: Marco Galego

CSV: REXISTROXgcXqYFKy6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 13:28:31
Nº Rexistro: 56435
Data envio: 26/09/2019 13:28:31.079

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Relacións Laborais, onde teñan prevalencia aos convenios de sector, provinciais e autonómicos.

CSV: REXISTROXgcXqYFKy6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 13:28:31
Nº Rexistro: 56435
Data envio: 26/09/2019 13:28:31.079

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Proposta de resolución nº 8

**Unha resposta integral á crise demográfica**

O problema demográfico que padece con toda intensidade Galiza non se pode resumir a un problema de natalidade, a natalidade é só un síntoma da situación de deterioro económico, do desmantelamento da nosa base produtiva, a emigración, as medidas conservadoras que non fan unha aposta pola igualdade de xénero como columna vertebral da política económica e social, a ausencia de emprego, de emprego digno, perda de dereitos, de calidade de vida, de espectativas de vida, de imposibilidade de emanciparse da xente nova.

Por estas razóns o Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a un cambio de rumbo e poñer en marcha as seguintes medidas: poñer Galiza a producir, creer nas nosas posibilidades e potencialidades, deseñar estratexias partindo da nosa realidade e necesidades e deixar de executar as políticas que outros (UE e Estado español) teñen deseñado para nós; poñer en marcha un novo modelo económico, cunha estratexia clara para os sectores produtivos, a reindustrialización, aposta estratéxica polo talento e o coñecemento; establecer como prioridade a creación e mantemento de emprego de calidade, e a recuperación dos dereitos roubados, xa que sen emprego digno non son posíbeis políticas de conciliación nen planificar proxectos de vida; poñer en práctica políticas de retorno que posibiliten o desenvolvemento de proxectos de vida en Galiza @s moz@s que tiveron que emigrar; establecer cláusulas sociais na contratación pública, priorizar nas axudas económicas e actuacións de financiación ás empresas, con medidas efectivas en vigor, que aúnen vida persoal, traballo e conciliación; prohibir por lei que as empresas que vulneren dereitos de maternidade e/ou conciliación poidan recibir axudas públicas: realizar un estudo para correxir a ruptura existente entre mundo laboral co educativo e de coidados, cara iniciar o proceso de harmonización de horarios; desenvolver un modelo de coidados no que homes e mulleres participen na mesma medida, que concrete políticas de corresponsabilidade e coidados e orzamento suficiente,

CSV: REXISTROXgcXqYFKy6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 13:28:31
Nº Rexistro: 56435
Data envio: 26/09/2019 13:28:31.079

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

impresdindíbel para fomentar unha sociedade corresponsábel e acadar equilibrio entre o traballo produtivo e reprodutivo; así como desenvolver unha rede pública de servizos públicos de calidade e en número suficiente para atender a demanda existente tanto en escolas infantís como atención á dependencia.

CSV: REXISTROXgcXqYFKy6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 13:28:31
Nº Rexistro: 56435
Data envio: 26/09/2019 13:28:31.079

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Proposta de resolución nº 9

**Erradicar a fenda salarial e facer da conciliación un dereito real**

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a incrementar as actuacións contra a fenda salarial e a favor da conciliación como un dereito real. Para tal efecto, a Xunta de Galiza comprométese a:

- Impulsar a creación dun corpo específico de inspección laboral que teña competencia para realizar inspeccións aleatorias para testar a existencia ou non de discriminacións por razón de xénero.

- Programar antes do remate de 2020 a realización dunha auditoría do cumprimento da lexislación en materia de igualdade na administración pública e nas contratacións públicas.

- Orzar un Plan de compensación dos recortes aplicados en recursos de conciliación, a comezar polo incremento da rede de escolas infantís públicas.

- Impulsar unha Bolsa de horas de Canguro con persoal cualificado como novo mecanismo de conciliación que permitan a pais e nais, previo rexistro, ter un recurso ao que acudir en situacións imprevistas.

- Negociar na administración pública cos colectivos sociais e sindicais a implantación de permisos iguais e intransferíbeis para pais e nais estendendo a súa duración ata o ano. Asemade, desenvolveranse as medidas necesarias de negociación e propostas legais para favorecer que esta cuestión sexa trasladada ao ámbito privado co obxectivo de que sexa un dereito para toda a clase traballadora.

CSV: REXISTROXgcXqYFKy6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:22:21
Nº Rexistro: 56413
Data envío: 26/09/2019 10:22:21.260

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao "**Debate anual sobre política xeral**":

Proposta de resolución nº 10

**Polo dereito a un proxecto de vida digno para a mocidade**

Diante da imaxe de devastación que ofrecen os datos da situación laboral e da mocidade galega é preciso poñer en marcha medidas que revertan a situación, e garantan un proxecto de vida autónomo para as mozas e mozos como un elemento chave fronte á crise demográfica que atinxe o país, por iso, o Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a marcar como obxectivo estratéxico que a mocidade galega poida vivir e traballar dignamente na Galiza, estabelecendo como prioridade:

- Potenciar políticas activas de emprego destinadas á mocidade, estabelecendo un programa específico de orientación, formación e recualificación.

- Elaborar un Plan de medidas para o Retorno da emigración moza a través de mecanismos de capacitación, colocación e autoemprego ou emprendemento en actividades que potencien o tecido produtivo galego, os seus sectores estratéxicos, o I+D+i ou aqueles que permitan a explotación de novos xacementos de emprego.

- Posta en marcha dun plan para evitar que con cartos públicos se financie a precariedade laboral da mocidade galega, de xeito que non se destinen recursos públicos a medidas de emprego xuvenil baseadas en fórmulas como o contrato de prácticas, de formación, fórmulas de non contratación como son as bolsas que substitúen postos de traballo etc. nin ás ETTS.

CSV: REXISTRO254JdsJlI9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:22:21
Nº Rexistro: 56413
Data envio: 26/09/2019 10:22:21.260

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Crear un parque de vivendas para o aluguer social mediante a promoción de vivenda pública, programas de rehabilitación de vivendas e mobilización de vivendas baleiras en propiedade de grandes propietarios e da banca

- Desenvolver un programa específico de vivendas en aluguer con prezos limitados para mozos e mozas menores de 35 anos e mudar o actual sistema de axudas dirixido á mocidade de tal maneira que as solicitudes poidan ser presentadas e tramitadas ao longo de todo o ano garantindo os recursos económicos suficientes para as atender.

CSV: REXISTRO254JdsJlI9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:22:21
Nº Rexistro: 56413
Data envio: 26/09/2019 10:22:21.260

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 11

**Salario público de inserción laboral e social**

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dar pasos decididos para construír un sistema de protección social galego inclusivo, garantista, que serva para xerar as estruturas básicas da igualdade social; instaurar un salario público de inserción laboral e social, dirixido a todas aquelas persoas desempregadas e sen recursos e mesmo aquelas outras en situación de exclusión social que permita o establecemento dun sistema rexido polo principio do dereito das cidadás e dos cidadáns a ter recursos económicos de subsistencia, cuxo importe será o equivalente ao SMI.

CSV: REXISTRO254JdsJll9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 13:28:31
Nº Rexistro: 56435
Data envio: 26/09/2019 13:28:31.079

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Proposta de resolución nº 12

**Plan de choque para o impulso industrial e o desenvolvemento dos sectores produtivos**

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a rectificar as políticas económicas e de falta de planificación e regulación que están a levar ao noso país a un deserto industrial e apostar por novas medidas para o desenvolvemento económico, dotadas economicamente e suxeitas a unha estrita calendarización e avaliación por parte do sector. Deberá contar, como mínimo, con estes aspectos:

- Demanda dun prezo xusto e competitivo para o tecido económico do país a través dunha Tarifa Eléctrica Galega que permita a compensación por soportar a produción.

- Reforma da normativa vixente respecto da inxección de fondos públicos, axudas e subvencións de modo que estean suxeitas a estritas cláusulas contra a deslocalización, supoñendo a súa devolución con intereses.

- Estratexia para a priorización do peche de ciclos produtivos no país e para afrontar a prexudicial perda de galeguidade do tecido empresarial e a súa cooptación por parte de fondos estranxeiros que desenvolven un modelo económico especulativo e coxuntural.

- Impulso da participación pública naqueles sectores estratéxicos para a economía, nomeadamente aqueles vinculados ao sector enerxético, naval e á investigación e innovación.

- Plan específico en colaboración cos axentes económicos e sociais para sectores en crise e cunha grande afectación por factores como a deslocalización, o Brexit ou as guerras comerciais, como son a automoción, o naval, o téxtil ou o sector TIC.

CSV: REXISTROXgcXqYFKy6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 13:28:31
Nº Rexistro: 56435
Data envío: 26/09/2019 13:28:31.079

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Proposta de resolución nº 13

**Por unha transición enerxética xusta**

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a defender os intereses económicos e sociais das Pontes desde unha posición de país, abandonando a súa estratexia electoralista e a súa ausencia de iniciativa, impulsando as seguintes actuacións:

- Demandar da empresa Endesa que aclare de forma inmediata as súas intencións respecto da Central Térmica das Pontes esixindo que se comprometa co mantemento do emprego e co plan de cambio do modelo estrutural para unha transición xusta.

- Constituír un Grupo de Traballo para a Transición Enerxética de ámbito galego, que dea participación tamén aos axentes sociais, no que se avance no modelo enerxético galego do futuro e se planifique o desenvolvemento económico e industrial alternativo daquelas comarcas afectadas polas mudanzas que están por vir.

- Demandar do goberno central unha negociación directa daquelas cuestións que afecten a Galiza e, de forma particular, demandar por todas as vías posíbeis que se compense a Galiza a débeda histórica contraída polos sucesivos incumprimentos dos Plans Carbón e pola súa exclusión a partir do 2012 até a actualidade, esixindo que o noso país poida acceder en condicións de igualdade a aqueles recursos necesarios para a transición enerxética.

- Esixir a inclusión de Galiza no plan denominado *Green and fair new deal* que está a deseñar a Unión Europea para compensar os territorios que perdan emprego e actividade na aplicación do proceso de descarbonización enerxética.

CSV: REXISTROXgcXqYFKy6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 13:28:31
Nº Rexistro: 56435
Data envio: 26/09/2019 13:28:31.079

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Proposta de resolución nº 14

**Pacto galego pola ciencia, a investigación como motor de desenvolvemento**

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a rectificar a súa política de abandono do sistema innovador galego promovendo un Plan Galego de Impulso á Investigación como motor de desenvolvemento da Galiza do futuro que inclúa as seguintes cuestións:

- Elevar progresivamente o investimento público até o 3% do PIB.

- Creación do Instituto Galego Público de Innovación (INNOGAL) que aglutine todos os investimentos e programas en materia de I+D+i.

- Deseño dun programa integral de I+D+i, consensuado coas investigadoras e investigadores, de carácter lineal e con perspectiva de xénero, dirixido á retención e captación de talento.

- Deseño e aprobación dun Plan para a consolidación da carreira investigadora.

- Introducir as reformas legais necesarias para garantir a non discriminación das mulleres no ámbito científico.

CSV: REXISTROXgcXqYFKy6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 13:28:31
Nº Rexistro: 56435
Data envío: 26/09/2019 13:28:31.079

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Proposta de resolución nº 15

**Por un novo modelo eólico**

O Parlamento galego reclama á Xunta de Galiza que asuma o seu fracaso respecto da enerxía eólica e que impulse un novo consenso para substituír a vixente lei de aproveitamento eólico e planificar o desenvolvemento da enerxía eólica da próxima década harmonizando os obxectivos e intereses económicos, enerxéticos, sociais e medioambientais a partir das seguintes cuestións:

- Desenvolver e aprobar un novo Plan Sectorial Eólico para Galiza que conte cunha ampla participación dos axentes implicados política, sectorial e socialmente (asociacións veciñais, ecoloxistas, sindicais, comunidades de montes, etc.) e que preceptivamente inclúa un informe do Consello Económico e Social e un amplo proceso de exposición pública de cara a reunir o meirande consenso posíbel.

- Impulsar a participación pública da Xunta de Galiza e dos concellos galegos dos beneficios do sector de forma que se garanta un meirande control e ao tempo unha fórmula de financiamento para as necesidades de compensación que poña fin aos problemas xerados polo canon eólico, que deberá ser superado. De forma particular, impulsaranse Plans de Desenvolvemento Industrial e Restauración Ambiental nas comarcas onde se localice a xeración.

- Incrementar as garantías medioambientais, estabelecer un Fondo de continxencia para a restauración dos posíbeis danos e salvagardar a totalidade do territorio Rede Natura incluíndo a prohibición de instalacións nas zonas de expansión desta.

CSV: REXISTROXgcXqYFKy6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 13:28:31
Nº Rexistro: 56435
Data envío: 26/09/2019 13:28:31.079

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Proposta de resolución nº 16

**O monte, fonte de riqueza e benestar para os galegos e galegas**

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a rectificar a súa errática política forestal e de ordenación do territorio adoptando, cando menos, as seguintes medidas:

- Apostar por un monte multifuncional estabelecendo unha moratoria urxente ao cultivo do eucalipto.

- Elaborar un Plan Territorial Integrado, que defina o tipo de monte, usos do mesmo, franxas de seguridade e as plantacións en mosaico.

- Recuperar as 40.000 hectáreas ilegalmente plantadas en terras agrarias.

- Recuperar a biodiversidade repoboando con especies autóctonas, incentivando o cultivo de madeiras nobles e o aproveitamento de pastos para gando en extensivo amén dos cogumelos, castaña, avelás...

- Abrir liñas de colaboración e de incentivación coas Comunidades de Montes Veciñais en Man Común, especialmente con aquelas que se encontren en estado de abandono ou de mala xestión, condonando as mal chamadas débedas históricas e apostando con elas por unha xestión multifuncional aceptable.

- Alí onde a propiedade privada atomizada impida unha ordenación razoable e un aproveitamento rendible, o goberno de Galiza desenvolverá as UXFOR como modelo de ordenación, aproveitamento multifuncional e xestión das faixas de protección do monte privado, acorde co noso medio e coas características da propiedade dunha boa parte do noso territorio.

CSV: REXISTROXgcXqYFKy6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 13:28:31
Nº Rexistro: 56435
Data envio: 26/09/2019 13:28:31.079

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Proposta de resolución nº 17

**Por un sector agrogandeiro con futuro**

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

- Mobilizar no Banco de Terras 170.000 hectáreas necesarias para dotar as explotacións agrogandeiras de base territorial e para a incorporación de moz@s emprendedor@s que reactiven a economía rural primando tamén o aspecto transformador dos produtos agrogandeiros.

- Tomar as medidas necesarias para o establecemento dun Grupo Lácteo Galego que permita o aproveitamento do valor engadido.

- Demandar do Goberno do Estado medidas urxentes que garantan unha remuneración xusta polo litro de leite que cubra os custes de produción.

CSV: REXISTROXgcXqYFKy6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 13:28:31
Nº Rexistro: 56435
Data envio: 26/09/2019 13:28:31.079

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Proposta de resolución nº 18

**Un rural en harmonía coa fauna salvaxe e libre de especies invasoras**

Diante dos enormes prexuízos que o sector agrogandeiro galego está a asumir polos danos causados pola fauna salvaxe no noso país e perante a inacción da Xunta de Galiza, o Parlamento insta o Goberno galego a:

- Elaborar un Plan de Xestión do Xabaril, que inclúa a elaboración dun censo poboacional, e a protocolarización de todas as medidas que faciliten manexar o tamaño da especie, reducir os danos aos cultivos, e criterios de bioseguridade á fin de reducir e previr a peste porcina, incluíndo unha partida orzamentaria anual suficiente para afrontar as perdas económicas causadas.

- No caso do lobo, incremento das contías orzamentarias nas ordes de axudas dirixidas á prevención e reparación dos danos causados por esta especie ata cifras que sexan acordes coas necesidades e danos producidos, así como reducir os prazos de resolución das axudas.

- Abrir liñas de investigación sobre a problemática do tártago de patas amarelas (velutina) debidamente orzadas e abordar a xestión do problema contando coa participación activa do sector apícola e xestionando a retirada dos niños dun xeito máis serio e coordinado e con campañas de trampeo primaveral suficientes.

- Facer políticas transparentes na xestión da couza da pataca, nesperiña do castiñeiro, nematodo do piñeiro, e en xeral das especies exóticas invasoras, ofrecendo información e formación suficientes para que as accións que se leven a cabo resulten efectivas ó 100%.

- Aprobar os plans de xestión e conservación de tódalas especies ameazadas incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, con urxencia para as 72 catalogadas en Perigo de Extinción.

CSV: REXISTROXgcXqYFKy6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:22:21
Nº Rexistro: 56413
Data envio: 26/09/2019 10:22:21.260

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao "**Debate anual sobre política xeral**":

Proposta de resolución nº 19

**Plan Integral Plurianual de Desenvolvemento Rural**

O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a elaborar, orzamentar e pór en práctica un Plan Integral Plurianual de Desenvolvemento Rural:

- Que apoie de xeito decidido as explotacións familiares tanto agrícolas coma gandeiras con orzamentos suficientes para reverter a tendencia á intensificación e o abandono do territorio.

- Que active a economía do rural orientándoa a producir alimentos de calidade, fixando así poboación no territorio.

- Que active a pequena industria de transformación.

- Que potencie o mercado de proximidade.

- Que poña terra agraria a disposición da mocidade que se queira incorporarse ao sector.

- Que dinamice e prestixie a actividade agrícola e gandeira de produción alimentaria.

- Que incentive o cooperativismo e as microempresas poñendo en valor o minifundismo.

CSV: REXISTRO254JdsJlI9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 13:28:31
Nº Rexistro: 56435
Data envio: 26/09/2019 13:28:31.079

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Proposta de resolución nº 20

**Capacidade para xestionar o noso mar**

O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a definir un espazo galego de libre decisión en materia marítima e pesqueira, xestionando as nosas competencias en augas interiores, nesta dirección realizará as seguintes actuacións:

- Destinará todos os esforzos para converter o Brexit nunha oportunidade e así esixirá un cambio radical na Política Pesqueira Común para que a nosa realidade de ser Galiza Zona Altamente Dependente da Pesca sexa tida en conta e se elimine o do Principio de Estabilidade Relativa.

- Demandar a transferencia a Galiza das competencias sobre os portos de interese xeral do Estado, de todos os organismos que teñan a ver coa seguridade marítima, inspección de buques, seguranza e loita contra a contaminación mariñas; Navegación marítima e mariña mercante; Investigación oceanográfica e hidrográfica; Inspección de buques; Control de importacións e Dominio público marítimo e marítimo-terrestre e Mar territorial.

- Presentar un Plano Estratéxico para a recuperación do marisqueo que contemple como mínimo, a recuperación e posta en explotación dos bancos marisqueiros actualmente improdutivos e a produción de semente; para conseguir a recuperación das capturas, do emprego perdido, fundamentalmente nas mariscadoras, e obter uns ingresos dignos para manter a actividade.

- Esixir a modificar da política pesqueira que está levando ao progresivo desmantelamento da pesca artesanal galega e proceder a un cambio de modelo que blinde os dereitos deste sector, xa que é socialmente moi relevante, medioambientalmente sustentábel, crea emprego e fixa poboación nas vilas costeiras, polo tanto, estímase esencial a súa protección e salvagarda a través de medidas como a exclusión das capturas

CSV: REXISTROXgcXqYFKy6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

accesorias ou accidentais da frota costeira artesanal dos sistema de TACs e cotas, dada a súa multiespecificidade e, polo tanto, o seu escaso impacto no estado dos recursos mariños; así como coa exención da obriga de desembarque de capturas.

CSV: REXISTROXgcXqYFKy6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 13:28:31
Nº Rexistro: 56435
Data envio: 26/09/2019 13:28:31.079

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Proposta de resolución nº 21

**Aposta polo comercio local e de proximidade**

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a tomar medidas diante da grave crise que atravesa o pequeno comercio en Galiza, a comezar por:

- Declarar Galiza zona saturada de grandes superficies comerciais e estabelecer unha moratoria que impida novas aperturas na próxima década.

- Recoñecer o fracaso da Lei 1/2013, do 13 de febreiro, de horarios comerciais de Galiza e impulsar en menos de tres meses un estudo sobre as consecuencias lesivas que tivo para o pequeno e mediano comercio, o comercio local e de proximidade no noso país.

- Negociar co goberno central o fin da invasión de competencias en materia de comercio por parte do Estado de cara a incrementar a seguridade normativa na materia e poder exercer de forma soberana as competencias ao respecto.

- Impulsar a través do IGAPE e da AMTEGA unha plataforma pública para facilitar a adaptación á venda en liña das pequenas e medianas empresas do noso país co compromiso de que poida botar a andar en xaneiro de 2020.

Así mesmo, o Parlamento galego acorda por resolución impulsar unha Lei de protección do comercio galego que supoña, entre outras medidas, a reforma da lei 1/2013, do 13 de febreiro, de horarios comerciais de Galiza

CSV: REXISTROXgcXqYFKy6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:22:21
Nº Rexistro: 56413
Data envio: 26/09/2019 10:22:21.260

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 22

**Fronte á emerxencia climática**

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

- Promover unha Lei galega contra a crise climática e polo desenvolvemento sustentábel, así como estratexias concertadas con todos os axentes económicos, sociais e institucionais para loitar eficazmente contra as causas da emerxencia climática, mudando de raíz as súas políticas en relación coa ordenación do territorio, a protección da paisaxe e dos ecosistemas, a mobilidade, a xestión dos residuos, o monte, a enerxía, a minaría, a xestión da auga e en xeral as políticas económicas que fomentan a depredación dos recursos, a despoboación e o empobrecemento.

-Crear un comité ou gabinete de crise fronte á emerxencia climática, co obxectivo de analizar, propoñer e coordinar todas as actuacións coa máxima participación social, co apoio e asesoramento científico e académico, coa necesaria perspectiva de xénero e con criterios de transparencia.

CSV: REXISTRO254JdsJlI9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:22:21
Nº Rexistro: 56413
Data envío: 26/09/2019 10:22:21.260

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao "**Debate anual sobre política xeral**":

Proposta de resolución nº 23

**Por unha xestión de residuos sustentábel**

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a establecer a compostaxe (domiciliaria, comunitaria e en planta) como sistema universal de xestión dos biorresiduos no horizonte do primeiro trimestre do ano 2020, coa finalidade de cumprir o obxectivo de reciclaxe do 50% dos residuos previsto na lexislación europea e estatal. Con este obxecto, negociaranse coas entidades locais e aprobaranse as modificacións legais e normativas necesarias.

CSV: REXISTRO254JdsJlI9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 13:28:31
Nº Rexistro: 56435
Data envío: 26/09/2019 13:28:31.079

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Proposta de resolución nº 24

**Por un Plan integral para o saneamento das rías**

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a encargar ao sistema universitario galego un Estudo interdisciplinar sobre a situación das rías galegas. A partir deste estudo, encargar un Plan Integral para a rexeneración e o aproveitamento dos recursos naturais, produtivos, turísticos e de lecer das rías galegas, reclamando da UE e do Estado os fondos necesarios para o seu financiamento; a demandar do goberno do Estado a derrogación da prórroga de ENCE para garantir a recuperación, rexeneración e restauración dos terreos ocupados pola fábrica nas marismas de Lourizán, dacordo co establecido nas DOT e no POL; a encargar un estudo sobre os depósitos realizados na boca da ría de Arousa ao longo dos últimos 30 anos, analizando o estado dos vertidos e e o impacto no ecosistema; a desbotar o proxecto de explotación megamineira do Pino-Touro polos seus efectos negativos sobre a contorna, sobre os cursos fluviais e a ría de Arousa; así como a realizar un estudo sobre a contaminación do río Umia, sobre os posíbeis efectos negativos do estado das augas na saúde pública e no medio, e sobre o desmantelamento do encoro de Caldas.

CSV: REXISTROXgcXqYFKy6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 13:28:31
Nº Rexistro: 56435
Data envio: 26/09/2019 13:28:31.079

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Proposta de resolución nº 25

**En defensa da mobilidade sustentábel e o fomento do tren como medio de transporte de persoas e mercadorías**

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

- Impulsar a aprobación dunha Lei galega de fomento da mobilidade sustentábel, saudábel e segura e un Plan estratéxico de fomento do transporte público e da intermodalidade.

- Demandar do goberno do Estado o desenvolvemento dun Plan plurianual de modernización e mellora do ferrocarril, con un financiamento que inclúa os 2.000 millóns no executados nos últimos 5 anos e que priorice as seguintes actuacións: saída sur e mellora da comunicación entre Vigo e a fronteira portuguesa; modernización e mellora do trazado, da infraestrutura e do servizo na liña Coruña Ferrol; mellora da infraestrutura e do servizo na liña Ferrol-Ribadeo; mellora da infraestrutura e do servizo nas conexións de Lugo con Coruña, Santiago e Ourense; mellora da conexión e dos servizos entre Ourense-Vigo e Ourense-Santiago-Coruña; plan de desenvolvemento da conexión de Galiza co Corredor Atlántico; e o impulso ao transporte de mercadorías por ferrocarril coa conexión por tren cos portos, o desenvolvemento do porto seco de Monforte e a modernización da liña Monforte-Palencia.

- Crear do servizo ferroviario de cercanías e demandar do Estado a transferencia a Galiza das competencias na materia.

CSV: REXISTROXgcXqYFKy6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:22:21
Nº Rexistro: 56413
Data envio: 26/09/2019 10:22:21.260

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao "**Debate anual sobre política xeral**":

Proposta de resolución nº 26

**Pola eliminación das abusivas peaxes na rede de autoestradas estatais e da Xunta de Galiza**

O Parlamento acorda demandar a transferencia da AP9, o rescate da concesión e a supresión das peaxes en liña co xa aprobado para outras autoestradas estatais que foron construídas na mesma época.

Asemade, o Parlamento insta á Xunta de Galiza a que tome as medidas necesarias para a gratuidade da AG 55 e da AG 57.

CSV: REXISTRO254JdsJlI9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 13:28:31
Nº Rexistro: 56435
Data envío: 26/09/2019 13:28:31.079

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Proposta de resolución nº 27

**Por un Pacto galego contra a sinistralidade e a violencia viaria**

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a combater con todos os medios a sinistralidade e a violencia viaria poñendo en marcha as seguintes actuacións:

- Crear unha Mesa institucional e social pola seguridade viaria co obxecto de promover un gran acordo de país arredor desta materia, coa participación das administracións, das organizacións sindicais, das entidades sociais e de todos os sectores relacionados coa mobilidade.

- Incrementar os orzamentos coa finalidade de desenvolver con carácter urxente actuacións específicas na rede viaria de competencia autonómica dirixidas a eliminar os puntos negros e os treitos de concentración de accidentes, mellorar a seguridade nas travesías urbanas e nomeadamente a protexer as persoas que se desprazan a pé e en bici.

- Impulsar as actuacións previstas en materia de mobilidade, nomeadamente a construción de variantes e circunvalacións de núcleos urbanos.

- Xestión polo Goberno galego de todas as competencias relacionadas coas estradas, o tráfico e a seguranza viaria.

CSV: REXISTROXgcXqYFKy6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:22:21
Nº Rexistro: 56413
Data envio: 26/09/2019 10:22:21.260

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao "**Debate anual sobre política xeral**":

Proposta de resolución nº 28

**Na defensa da cultura e dos sectores culturais galegos**

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a reverter o recorte orzamentario levado na Consellaría de Cultura durante a última década até situar o investimento público dirixido a políticas culturais, cando menos, no 1% do Orzamento en 2020.

Así mesmo, o Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

- Pór fin á arbitrariedade no financiamento de eventos culturais fixando sempre criterios de concorrencia competitiva no acceso ao diñeiro público.

- Crear unha liña de axudas de apoio á distribución do cinema galego e unha cota mínima de difusión do audiovisual feito en Galiza nas salas de exhibición.

- Abrir un proceso de diálogo con todos os axentes do sector para afrontar os retos xerados pola irrupción das plataformas dixitais e adoptar as medidas que sexan necesarias para garantir a competitividade das produtoras galegas neste novo contexto.

- Aplicar e desenvolver de maneira integral e efectiva a Lei 7/2006 do libro e da lectura de Galiza.

- Impulsar a refundación do Centro Dramático Galego dotándoo de autonomía e de entidade xurídica propia como unidade de produción.

CSV: REXISTRO254JdsJlI9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:22:21
Nº Rexistro: 56413
Data envio: 26/09/2019 10:22:21.260

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Remitir ao Parlamento un informe de avaliación do impacto que sobre o ecosistema cultural ten a actividade desenvolvida na Cidade da Cultura.

CSV: REXISTRO254JdsJlI9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:22:21
Nº Rexistro: 56413
Data envio: 26/09/2019 10:22:21.260

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao "**Debate anual sobre política xeral**":

Proposta de resolución nº 29

**Na defensa do ensino público, en galego, laico, feminista e de calidade**

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a impulsar unha lei galega de educación que, no exercicio das competencias exclusivas que ten Galiza, garanta entre outras cuestións a escolarización pública como etapa educativa das crianzas de 0 a 3 anos; un sistema de préstamo universal de libros de texto no ensino obrigatorio e a xestión pública directa da rede de comedores escolares.

Así mesmo, o Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

- Suprimir, progresivamente, os concertos co ensino privado a comezar polos centros que segregan o alumnado por sexo nas aulas, de tal maneira que os concertos se limiten só a aqueles casos en que non exista oferta suficiente na rede pública.

- Reducir a rateo de estudantes por aula, contabilizando tamén o alumnado repetidor no cómputo, até un máximo de 15 estudantes por aula en Educación Infantil, 20 en Primaria, ESO, Formación Profesional e Escolas Oficiais de Idiomas e de 25 alumnos/as por aula ano Bacharelato. Así mesmo, deseñar un Plan de atención á diversidade que garanta profesionais suficientes de Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

- Impulsar con recursos materiais, humanos e económicos suficientes a coeducación e a elaboración de Plans de igualdade nos centros de ensino.

CSV: REXISTRO254JdsJlI9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Reclamar diante do Goberno español a derrogación da LOMCE e a supresión da relixión do currículo escolar.

CSV: REXISTRO254JdsJlI9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:22:21
Nº Rexistro: 56413
Data envio: 26/09/2019 10:22:21.260

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao "**Debate anual sobre política xeral**":

Proposta de resolución nº 30

**Na defensa da universidade pública**

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a iniciar, antes de rematar 2019, o proceso de diálogo coas tres universidades galegas para negociar a renovación do Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galiza (PFSUG) incrementando o investimento de tal maneira que permita afrontar a mellora das condicións laborais do persoal docente, consolidar a carreira das investigadoras e investigadores así como afrontar o estado das infraestruturas universitarias.

O Parlamento manifesta, asemade, a súa aposta, firme e decidida, pola universidade pública e amosa a súa preocupación diante das distorsións que podería ocasionar a creación dunha universidade privada no noso país. Neste senso, o Parlamento insta á Xunta de Galiza a facer valer, en todo momento, o interese público xeral fronte á vontade empresarial particular e que, en ningún caso, destine recurso público algún a este proxecto. Lonxe diso, a Cámara urxe o Goberno galego a reclamar diante do Estado a transferencia das competencias en materia de bolsas de axuda ao estudo e a deseñar un Plan para a construción de residencias de estudantes públicas que garantan o dereito do alumnado universitario a acceder ao ensino superior en condicións de equidade.

CSV: REXISTRO254JdsJlI9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:22:21
Nº Rexistro: 56413
Data envío: 26/09/2019 10:22:21.260

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao "**Debate anual sobre política xeral**":

Proposta de resolución nº 31

**Na defensa da Atención Primaria**

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a cambiar o actual modelo fracasado de Atención Primaria por un no que as e os doentes sexan o centro e baseado en equipos multidisciplinares de profesionais, en número suficiente e con estabilidade laboral para poder atender en condicións as demandas da poboación. Para acadar este obxectivo ínstase a tomar as seguintes medidas:

- Incrementar o número de profesionais en todas as categorías tanto nos centros de saúde como nos PACs.

- Aumentar as prazas de formación para as especialidades de Atención Primaria , nomeadamente, pediatría e medicina familiar e comunitaria.

- Aprobación das carteiras de servizos de cada unha das categorías profesionais presentes en Atención Primaria.

- Incorporación a Atención Primaria de categorías imprescindíbeis para prestar unha atención integral: psicólog@s clínic@s, terapeutas ocupacionais, logopedas.

- Non secundarización con respecto á atención hospitalaria. Capacidade de solicitude de probas diagnósticas e consultas.

CSV: REXISTRO254JdsJlI9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:22:21
Nº Rexistro: 56413
Data envio: 26/09/2019 10:22:21.260

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Recuperación das Xerencias de Atención Primaria con capacidade de decisión, resolutiva e orzamentaria.

- Aumentar o investimento até chegar ao 25% do orzamento, no inmediato proceder a un aumento de 200 millóns de euros.

CSV: REXISTRO254JdsJll9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:22:21
Nº Rexistro: 56413
Data envio: 26/09/2019 10:22:21.260

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 32

**Rescate para a sanidade pública da área de Vigo**

O Parlamento de Galiza manifesta o desacordo coas decisións tomadas pola Xunta de Galiza que apostou por condicionar a área Sanitaria de Vigo reducindo as camas, servizos e prestacións do hospital Álvaro Cunqueiro e tendo infrautilizadas outras infraestruturas como o hospital Meixoeiro, para seguir mantendo un concerto multimillonario con Povisa. Para rematar con esta situación, ínstase á Xunta de Galiza a poñer en marcha todas as seguintes actuacións para garantir que a totalidade da poboación da Área Sanitaria de Vigo teña unha asistencia sanitaria de calidade e na sanidade pública:

- Iniciar todas as acción para recuperar o Hospital Álvaro Cunqueiro para a Sanidade Pública, e convertelo no hospital público que sempre debeu ser; punteiro en investigación e coñecemento, avanzado tecnoloxicamente e con capacidade para atender, tanto no presente coma no futuro, ao conxunto d@s veciñ@s da área sanitaria.

- Realizar unha auditoría das contas e da xestión realizadas por Povisa no relativo ao concerto asinado co Sergas da que se derive un informe detallado no que conste a orixe dos recursos, públicos ou privados, que destina a atender: persoal, camas, innovación tecnolóxica, infraestruturas... así como a situación laboral do persoal.

CSV: REXISTRO254JdsJll9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:22:21
Nº Rexistro: 56413
Data envio: 26/09/2019 10:22:21.260

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao "**Debate anual sobre política xeral**":

Proposta de resolución nº 33

**Polo emprego digno e de calidade na sanidade**

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a rematar coa deplorábel política laboral que leva anos practicando, consecuencia da cal temos un sistema sanitario infradotado de persoal e cunha importante parte en situación de precariedade e temporalidade. Para acadar este obxectivo acometerá as seguintes actuacións:

- Realizar no prazo máximo de seis meses un Plan de Ordenación de Recursos Humanos a partir do cal presentar un plano de estabilidade de emprego, para negociar de inmediato na mesa sectorial, que permita establecer un cadro de persoal coas ratios axeitadas para ofrecer unha calidade asistencial digna, rematar coa precariedade na contratación.

- Publicación inmediata do censo de profesionais do Sergas.

- Esixir a inmediata derrogación da taxa de reposición e convocar unha oferta pública de emprego (OPE) coa totalidade das prazas vacantes en todas as categorías.

- Eliminación dos "contratos de continuidade" de persoal facultativo e de enfermería.

- Recuperación dos acordos retributivos suspendidos polo SERGAS en 2010.

CSV: REXISTRO254JdsJlI9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:22:21
Nº Rexistro: 56413
Data envío: 26/09/2019 10:22:21.260

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao "**Debate anual sobre política xeral**":

Proposta de resolución nº 34

**Sanidade pública, universal, gratuíta, de calidade e sen listas de espera**

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno a garantir que a atención sanitaria sexa pública, universal, gratuíta e de calidade, e polo tanto ten que proceder a realizar unha auditoría externa para saber a situación real das privatizacións, externalizacións e das listas de espera a partir da cal elaborar un plan de choque para:

- Reverter todas as privatizacións e externalizacións de servizos realizados polo Goberno galego (mantemento dos equipos sanitarios, equipamento tecnolóxico, laboratorio central...), e a rematar coa derivación de recursos da sanidade pública para empresas privadas.

- Rematar co aumento progresivo das listas de espera e coa derivación constante de doentes á sanidade privada, mantendo operativos todo o ano todos os recursos: camas, quirófanos, equipos de diagnóstico coa dotación de persoal precisa.

- Facer públicas de inmediato as listas de espera tanto estruturais como non estruturais.

- Promulgación e aplicación prioritaria dunha estratexia específica de saúde mental mediante as dotacións profesionais e materiais suficientes, unha organización de recursos axeitada, e a oferta de programas asistenciais específicos e eficaces. Dentro desta desenvolver de inmediato o Plan Galego de Prevención do Suicidio, con cronograma de

CSV: REXISTRO254JdsJlI9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

execución do mesmo, o orzamento suficiente e a previsión de incremento de dotación profesional necesario.

CSV: REXISTRO254JdsJlI9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:22:21
Nº Rexistro: 56413
Data envío: 26/09/2019 10:22:21.260

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao "**Debate anual sobre política xeral**":

Proposta de resolución nº 35

**Promoción da autonomía persoal e atención á dependencia**

É unha evidencia que a aplicación da Lei de dependencia en Galiza é claramente insatisfactoria en número de persoas usuarias, rede pública existente, cantidade e calidade dos servizos ofertados, investimento... o que é especialmente grave tendo en conta que temos unha poboación moi avellentada, o 8.74% é maior de 80 anos, e o 25.16% máis de 65 anos as pensións das máis baixas do Estado español. Do mesmo xeito a atención á discapacidade é moi mellorábel, tendo en conta que afecta a máis do 10% da poboación, ten que recibir unha atención acorde tanto nos orzamentos como nas accións á realizar.

É preciso polo tanto reverter esta situación e por iso o Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a acometer as seguintes actuacións:

- Dirixirse ao Goberno español para demandar o pago dos máis de 198 millóns de euros correspondentes aos recortes acumulados en dependencia e o financiamento acordado do 50% do custe da atención á dependencia

- Garantir a atención inmediata ao 100% das persoas en listas de espera tanto para prestación como para avaliación; para o cal dotarase do orzamento e recursos materiais e humanos precisos para o dimensionamento do cadro de persoal da Consellaría de Política Social.

CSV: REXISTRO254JdsJlI9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Realizar todas as accións precisas para garantir unha rede pública cos recursos que as persoas en situación de dependencia e discapacidade precisan, e garantir a equidade no acceso, nomeadamente residencias, axuda no fogar e centros de día.

- Eliminar todos os copagos introducidos.

- Introducir a Atención Temperá na carteira de servizos.

-Garantir a continuidade asistencial, creación de espazos socio-sanitarios e equipos multidisciplinares (Rehabilitación,fisioterapia, traballadoras sociais…).

CSV: REXISTRO254JdsJlI9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:22:21
Nº Rexistro: 56413
Data envío: 26/09/2019 10:22:21.260

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao "**Debate anual sobre política xeral**":

Proposta de resolución nº 36

**Na defensa dos dereitos democráticos e das liberdades públicas**

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

-Desenvolver unha acción decidida en favor das liberdades, dos dereitos democráticos e do pluralismo político e con esta finalidade crear o Observatorio Galego de Defensa dos Dereitos Democráticos e das Liberdades Públicas.

-Velar polo cumprimento do Pacto Internacional de Dereitos Civis e Políticos, ratificado polo Estado español en xuño de 1977, o Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e as Liberdades Fundamentais, aprobado en 1979 e a resolución 72/2004 da Comisión de Dereitos Humanos das Nacións Unidas, que establece a obriga dos Estados de adoptar medidas eficaces para loitar contra a impunidade e para garantir o dereito inalienábel á verdade, o dereito de lembrar e o dereito de saber.

-Demandar ao goberno do Estado a derrogación da chamada Lei de seguridade cidadá de 2015, coñecida como "Lei mordaza".

CSV: REXISTRO254JdsJlI9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:22:21
Nº Rexistro: 56413
Data envio: 26/09/2019 10:22:21.260

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao "**Debate anual sobre política xeral**":

Proposta de resolución nº 37

**Polo cesamento do control político nos medios públicos**

O Parlamento manifesta o seu rexeitamento fronte ao control político e a manipulación informativa á que se ven sometidos os medios de comunicación públicos de Galiza así como as represalias sufridas polas/os profesionais da CRTVG que teñen denunciado publicamente esta situación. É preciso recuperar unha televisión e radio públicas que verdadeiramente representen o pluralismo social, cultural, político e ideolóxico que existe en Galiza. Por iso, o Parlamento acorda por resolución crear unha ponencia para abordar a reforma da Lei 9/2011 de medios públicos de comunicación audiovisual e impulsar a elección da Dirección Xeral e o Consello de Administración da CRTVG a través dun concurso público e de méritos. Entretanto, a Cámara insta á dirección da radio e televisión públicas de Galiza a crear, de maneira inmediata, o Estatuto profesional e o Consello de informativos como instrumentos de participación das e dos profesionais e de garantía de independencia, veracidade e obxectividade dos contidos informativos.

CSV: REXISTRO254JdsJll9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 13:28:31
Nº Rexistro: 56435
Data envío: 26/09/2019 13:28:31.079

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Proposta de resolución nº 38

**Loita contra a corrupción**

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a loitar contra a corrupción e a falta de transparencia. De forma específica, fará pública e permitirá a investigación das seguintes cuestións: a información relativa ás operacións da Xunta de Galiza con Pemex; a investigación dos contratos e convenios da Xunta de Galiza cos lobbies tecnolóxicos; a transparencia plena e garantías de acceso da cidadanía aos expedientes tramitados pola Dirección Xeral de Minas; a auditoría das subvencións ao sector da automoción da última década e remisión da información ao Parlamento galego; revisión da política de subvencións para rematar coa discrecionalidade; a avaliación do desigual trato ás entidades locais galegas; e o cumprimento coas obrigas de remisión de documentación ao Parlamento galego conforme estipula o Artigo 9 do regulamento da Cámara.

Así mesmo, o Parlamento galego acorda por resolución poñer fin ao bloqueo existente respecto das Comisións de Investigación, tramitando as conclusións pendentes da Comisión de investigación para analizar e avaliar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros, da Comisión de investigación para determinar as consecuencias dos recortes e privatización do sistema sanitario galego e da Comisión de investigación respecto do accidente do Marisquiño.

CSV: REXISTROXgcXqYFKy6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:22:21
Nº Rexistro: 56413
Data envio: 26/09/2019 10:22:21.260

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Comisión de investigación para analizar e avaliar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros, da Comisión de investigación para determinar as consecuencias dos recortes e privatización do sistema sanitario galego e da Comisión de investigación respecto do accidente do Marisquiño.

CSV: REXISTRO254JdsJlI9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:22:21
Nº Rexistro: 56413
Data envío: 26/09/2019 10:22:21.260

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao "**Debate anual sobre política xeral**":

Proposta de resolución nº 39

**Pola investigación e publicación dos bens espoliados polo franquismo**

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a realizar un informe sobre todos os bens que puideron pasar a formar parte do patrimonio dos Franco de maneira irregular ou ilícita. Neste estudo tamén se deben incluír os terreos que foron adquiridos con diñeiro público nos arredores do Pazo de Meirás e outras propiedades que foron vendidas polos Franco noutras vilas de Galiza nos anos 80 e 90 do século XX. O informe debe incluír o estudo das vías para a recuperación dos bens espoliados, prestando o asesoramento necesario ás entidades públicas e privadas e ás persoas que desexen emprender accións legais para a restitución dos citados bens.

Como resultado desta investigación deberá elaborarse un inventario de propiedades mobles e inmobles espoliadas no que figure a súa procedencia, a propiedade orixinal, o método de adquisición ou apropiación, os valores históricos, artísticos e culturais, o valor económico estimado, a situación actual e as entidades ou persoas lexitimadas para a súa recuperación. Ademais, o informe deberá facer unha avaliación dos beneficios obtidos pola familia Franco como consecuencia da venda daqueles bens que foron adquiridos de maneira ilícita ou fraudulenta.

O inventario de bens espoliados polos Franco publicarase no DOG.

CSV: REXISTRO254JdsJlI9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:22:21
Nº Rexistro: 56413
Data envío: 26/09/2019 10:22:21.260

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao "**Debate anual sobre política xeral**":

Proposta de resolución nº 40

**Pola proxección internacional de Galiza**

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a elaborar e aprobar, despois dun proceso participativo, un Plan de fomento das relacións lingüísticas, culturais, académicas, económicas, urbanas e de cooperación cos países de lingua portuguesa, co obxecto de desenvolver e dar cumprimento ao previsto na Lei Paz Andrade. Este documento deberá servir de base para executar o disposto na resolución aprobada en 2018 polo Parlamento sobre a entrada de Galiza como membro observador asociado na Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP).

Así mesmo, o Parlamento insta á Xunta de Galiza a aproveitar o deporte como espazo de proxección internacional promovendo e apoiando economicamente as seleccións galegas en competicións internacionais. As seleccións deportivas galegas son un símbolo da identidade nacional, da cohesión social, da autoestima e da capacidade de Galiza como pobo. A súa proxección e éxito internacional fai que actúen como embaixadoras do noso país e trasladen ao mundo unha imaxe positiva do que somos e do noso inmenso potencial colectivo.

CSV: REXISTRO254JdsJlI9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:22:21
Nº Rexistro: 56413
Data envio: 26/09/2019 10:22:21.260

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 26/09/2019 10:18:55**

**Xosé Luis Bará Torres na data 26/09/2019 10:19:37**

**María Montserrat Prado Cores na data 26/09/2019 10:19:44**

**Noa Presas Bergantiños na data 26/09/2019 10:19:52**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 26/09/2019 10:20:04**

**Ana Pontón Mondelo na data 26/09/2019 10:20:12**

CSV: REXISTRO254JdsJlI9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:18:43
Nº Rexistro: 56411
Data envio: 26/09/2019 10:18:43.397

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta as seguintes **Propostas de Resolución,** para que sexan tratadas polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao "**Debate anual de Política Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia".**

***Proposta de Resolución nº1***
***"Combater o desemprego, a precariedade. Plan de emprego para Galicia e derrogación da reforma laboral"***

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a elaborar unha Estratexia para o Emprego, coa participación dos diferentes niveis de goberno, empresarios, sindicatos e todas aquelas entidades públicas e privadas que conforman a estrutura económica e laboral de Galicia, que conte co orzamento e os instrumentos necesarios para poder desenvolverse, contemplando os seguintes puntos:

-Reducir a taxa de temporalidade no sector privado ata un 15% en tres anos.
- Reducir a taxa de desemprego ata situala debaixo do 8%, poñendo a máxima vixilancia en que sexa a través de emprego de calidade.
- Realizar campañas de inspección específicas para controlar a contratación en fraude de lei en todas as súas formas, tanto na figura dos falsos autónomos, a



CSV: REXISTROelko5RYoN5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:18:43
Nº Rexistro: 56411
Data envío: 26/09/2019 10:18:43.397

utilización de formulas mercantís que agochan relación laborais, os abusos na contratación temporal e xornadas laborais, dotando á Autoridade Laboral dos medios e recursos necesarios para desenvolver o Plan.

- Prestar especial atención para a elaboración da Estratexia, na situación da xuventude e das mulleres, elaborando no prazo de seis meses unha planificación específica de actuacións en materia de negociación, inspección e control, encamiñada a reducir a fenda salarial entre mulleres e homes.

- Instar ao Goberno do Estado para que proceda á derrogación das últimas reformas laborais.

CSV: REXISTROelko5RYoN5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:18:43
Nº Rexistro: 56411
Data envio: 26/09/2019 10:18:43.397

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

***Proposta de Resolución nº2***

***"Dereitos e liberdades"***

O Parlamento Galego expresa o seu compromiso coa defensa das liberdades políticas e sindicais, oponse á lei mordaza e afonda na necesidade de defender a liberdade de expresión, a democracia, o dereito a decidir e os dereitos individuais e políticos da cidadanía. Nomeadamente O Parlamento Galego oponse á utilización do código penal para reprimir e perseguir a loita obreira e o dereito de folga e manifestación polo que condena a persecución a que o estado Español somete ás traballadoras, representantes sindicais e cargos políticos.

Ademais este Parlamento comprometese a loitar contra o racismo, a xenofobia, a LGTBI-fobia e calquera outra expresión de intolerancia ou incitación ao odio.

CSV: REXISTROelko5RYoN5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:18:43
Nº Rexistro: 56411
Data envio: 26/09/2019 10:18:43.397

***Proposta de Resolución nº3***

***"Ensino en igualdade"***

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a maximizar os recursos contra as violencias machistas convertendo as escolas no primeiro espazo de formación en igualdade e prevención das violencias machistas, incluíndo, cando menos, as seguintes medidas:

- Eliminar os concertos educativos con aqueles centros que segregan ao alumnado por sexo
- Crear prazas de axentes de igualdade nos centros educativos que nos permitan avanzar cara equipos conxuntos de orientación e igualdade, con formación específica nesta materia e en prevención das violencias machistas
- Elaborar un plan de formación en igualdade para o corpo docente.
- Estender a materia de igualdade de xénero a todos os centros educativos do país incluíndo contidos específicos de educación afectivo-sexual.

CSV: REXISTROelko5RYoN5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:18:43
Nº Rexistro: 56411
Data envio: 26/09/2019 10:18:43.397

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

***Proposta de Resolución nº 4***

***"Resolver de forma inmediata a transferencia dos fondos retidos polo Goberno central e reformar o sistema"***

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que demande do Goberno central a convocatoria urxente do Consello de Política Fiscal e Financeira, para acordar entre as CC.AA e o Goberno central un mecanismo que permita a transferencia das cantidades retidas polo Ministerio de Facenda ao tempo que se inicie o procedemento para o establecemento dun mecanismo automático de actualización do sistema e de liquidación das entregas a conta, non dependente da vontade do Goberno central. Este debe ser  o primeiro paso da modificación urxente do vixente sistema de financiamento autonómico, reclamando un novo sistema que garanta a suficiencia financeira de Galicia, un maior grao de autonomía financeira, maior capacidade normativa sobre os tributos cedidos e o cumprimento do principio de lealdade institucional.

CSV: REXISTROelko5RYoN5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:18:43
Nº Rexistro: 56411
Data envio: 26/09/2019 10:18:43.397

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

***Proposta de Resolución nº 5***

***"Actuacións do Goberno galego perante o Brexit"***

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que adopte, con carácter urxente, medidas concretas para paliar os efectos sobre a actividade económica, o emprego e os dereitos dos galegos e galegas residentes no Reino Unido diante dunha posible saída da Unión Europea sen acordo.

Entre as medidas que se deberán contemplar, están todas aquelas encamiñadas a facilitar o retorno e a ocupación dos traballadores e traballadoras galegos que teñan que abandonar o Reino Unido como consecuencia do Brexit, o asesoramento especializado para as persoas que se vexan afectadas nos seus dereitos de residencia ou cidadanía, o apoio aos sectores económicos que se vexan máis afectados para a procura de novos mercados e as xestións necesarias perante o Goberno do Estado e a Comisión Europea para garantir a continuidade da actividade da flota galega nas augas territoriais do Reino Unido.

CSV: REXISTROelko5RYoN5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:18:43
Nº Rexistro: 56411
Data envío: 26/09/2019 10:18:43.397

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

***Proposta de Resolución nº6***

***"O acceso á enerxía como dereito"***

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a traballar activamente para loitar contra a pobreza enerxética e abaratar a factura eléctrica dos fogares galegos instando ao Goberno do Estado á modificación do actual marco tarifario do sector eléctrico, aprobando novas tarifas para os consumidores domésticos que poñan fin á escalada dos prezos da electricidade dos últimos anos e permitan o abaratamento significativo da factura eléctrica dos fogares, así como a rebaixar o IVE dos consumos eléctricos imprescindibles para manter un fogar en condicións de habitabilidade ao 4%. Así como instar á Xunta de Galicia a adoptar todas as medidas necesarias para a erradicación da pobreza enerxética no territorio da Comunidade Autónoma, nomeadamente as que permitan a prohibición de cortes por impago e realización dunha auténtica tregua invernal para garantir o subministro aos fogares vulnerables.

CSV: REXISTROelko5RYoN5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

***Proposta de Resolución nº7***

***"Nacionalización da AP-9 e traspaso de competencias"***

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que demande ao Goberno central o rescate da concesión da AP-9, recupere esa infraestrutura para o público e transfira a competencia a Galicia.

CSV: REXISTROelko5RYoN5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:18:43
Nº Rexistro: 56411
Data envio: 26/09/2019 10:18:43.397

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

***Proposta de Resolución nº 8***

***"Mellora da Atención Primaria en Galicia"***

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a elaborar un Plan de Mellora da Atención Primaria dotado de persoal, equipamento e acceso aos recursos orzamentarios necesarios, para garantir as políticas de promoción e prevención da saúde así como unha asistencia de calidade, recuperando as xerencias de Atención Primaria para unha mellora na capacidade decisoria e de xestión e incorporando a figura de psicólogo ou psicóloga clínica.

CSV: REXISTROelko5RYoN5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:18:43
Nº Rexistro: 56411
Data envio: 26/09/2019 10:18:43.397

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

***Proposta de Resolución nº 9***

***"Recuperación e blindaxe do dereito á educación"***

O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galicia a blindar orzamentariamente o dereito á educación, deixando atrás por fin as políticas de austeridade e privatización que afectan a este dereito fundamental. Ínstase, deste xeito, a que se estableza un plan anual de incremento do PIB para situar o investimento en ensino nun 5% do PIB no ano 2022 así como definir o 5% do PIB como o investimento mínimo co que blindar o dereito ao ensino para seguir avanzando cara un 7% do PIB. Instase, así mesmo, a adoptar as medidas que correspondan para converter os colexios concertados en colexios públicos mediante acordos cos centros.

Este incremento de recursos debe ser utilizado para garantir unha efectiva igualdade de oportunidades para todo o alumnado con independencia da súa ubicación, condición socioeconómica, de xénero, sexoafectiva, étnica ou cultural, aportando medios humanos e orzamentarios para a atención ás diversidades. Ademais de recuperar a dignidade da profesión docente, recuperando a taxa de reposición atrasada, a precariedade nos contratos do profesorado non funcionario, adecuando a ratio e o horario lectivo á realidade das aulas, e asumir o compromiso de que o investimento público se adique en exclusiva á escola pública

Por último instamos á Xunta a acadar a gratuidade na educación pública infantil de 0 a 3 anos e trasladar as súas competencias a consellería de Educación.

CSV: REXISTROelko5RYoN5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:18:43
Nº Rexistro: 56411
Data envio: 26/09/2019 10:18:43.397

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

***Proposta de Resolución nº 10***

***"Mellora das infraestruturas ferroviarias galegas e redución de prezos"***

O Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a que inste ao Goberno do Estado a elaborar nos primeiros meses de lexislatura unha planificación estratéxica para acometer a modernización e creación de novas infraestruturas que a nosa rede ferroviaria precisa para ser máis eficaz e así incrementar notablemente o seu uso, ao ser unha cuestión estratéxica na dinamización da mobilidade sustentable e na vertebración do noso territorio.

Este plan debe conter cando menos a modernización do traxecto Coruña-Ferrol e a saída sur de Vigo cara Portugal, a mellora da conexión das cidades de Lugo e Ourense, tanto en tempos como en frecuencias e prezos, a modernización do traxecto Ferrol-Ribadeo, a conexión dos principais portos galegos á rede ferroviaria e os avances precisos para a conexión de Galicia ao corredor de mercadorías europeo, así como a transferencia das competencias ferroviarias de Cercanías para Galicia, co obxectivo de impulsar este servizo dende o propio territorio. Entre as demandas perante o Goberno central deberá acometerse unha redución de prezos dentro das liñas existentes na actualidade con especial incidencia no eixo Atlántico e nas conexións con Lugo e Ourense.

CSV: REXISTROelko5RYoN5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:18:43
Nº Rexistro: 56411
Data envío: 26/09/2019 10:18:43.397

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

***Proposta de Resolución nº 11***

***"Medidas en materia de rexeneración democrática e loita contra a corrupción política".***

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a demandar ao Ministerio de Xustiza a que aumente e dote con maior número de recursos a planta do Ministerio Fiscal en Galicia e articule as medidas oportunas para dotar a Galicia dunha fiscalía anticorrupción delegada exclusiva para o país.

Ademais de articular todas as medidas oportunas para evitar a proliferación de todas as formas de corrupción, dende o incremento da información detallada, da transparencia do goberno e dos seus órganos dependentes, o incremento do orzamento e as accións formativas destinadas aos empregados e empregadas públicas orientadas concretamente á prevención e detección tanto de irregularidades como de actos ilícitos en materia de corrupción nos departamentos galegos, tanto da súa competencia como nos que exista colaboración institucional e executiva, ata as necesarias para protexer ás persoas que denuncien casos de posible corrupción como a creación de oficinas antifraude.

CSV: REXISTROelko5RYoN5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

***Proposta de Resolución nº 12***

***"Defensa dos dereitos LGTBI"***

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a mellorar os protocolos sanitarios de atención nos servizos de proximidade como chave para unha normalización das necesidades específicas das persoas trans. Ao mesmo tempo consolidar a Unidade de Referencia, completándoa co persoal necesario e incorporando a derivación nos protocolos sanitarios. Que deste xeito poida ser avaliada a súa efectividade real con respecto da mellora da vida das persoas trans, facilitando o acceso a procedementos de recoñecemento legal de cambios de xénero eficientes e respectuosos na compatibilidade coa vida das persoas usuarias.

CSV: REXISTROelko5RYoN5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

*Proposta de Resolución nº 13*

*"Pola reactivación industrial de Galicia"*

O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia á elaboración dun Plan de Reactivación Industrial, con dotación orzamentaria específica, que conteña cando menos os seguintes eixes:

Unha diagnose da situación actual da industria galega e das súas perspectivas de evolución no curto e medio prazo, identificando as ramas de actividade con maior potencial de crecemento así como as actividades en situación de risco.

O establecemento de obxectivos de crecemento da capacidade produtiva instalada, con medidas de apoio para que a produción industrial galega acade canto antes o obxectivo do 20% do PIB establecido pola Unión Europea para o ano 2020.

Unha estratexia de captación de investimento directo, que supoña a ampliación significativa da planta industrial galega.

O establecemento de estratexias para a diversificación industrial, que permitan paliar os riscos e aproveitar as oportunidades derivadas da transición enerxética.

Un conxunto de medidas para a mellora da produtividade do sector industrial galego, entre as que se incluirá o incremento dos fondos destinados I+D+i con fins industriais.

Un conxunto de medidas de apoio á exportación dos produtos industriais galegos.

Medidas de apoio á formación específica dos traballadores e traballadoras e de reemprazo xeracional.

CSV: REXISTROelko5RYoN5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:18:43
Nº Rexistro: 56411
Data envio: 26/09/2019 10:18:43.397

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

***Proposta de Resolución nº 14***

***"Pola prevención da ludopatía"***

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a elaborar un novo Anteproxecto da Lei Reguladora de xogos de Galicia que teña en conta os seguintes extremos:

- Prohibición de todo tipo de publicidade, promoción, patrocinio ou calquera outra forma de comunicación comercial relacionada coas actividades dos xogos e apostas e outras actividades comprendidas no ámbito de aplicación da Lei Reguladora de xogos e apostas de Galicia, sendo tamén aplicable para as axencias de publicidade, axencias de medios e medios de comunicación.
- Establecer mecanismos para o control do acceso de menores ás máquinas comecartos, ademais de aumentar o control de acceso para o resto de establecementos de xogos e apostas.
- Prohibición da venta de bebida alcohólicas en salóns de xogo e casas de apostas, así como a instalación de máquinas de xogos e apostas coa entrada en vigor da Lei e obriga de implantar control de acceso ás mesmas para as xa instaladas.
- Regular a distancia dos salóns de xogos, locais de apostas, casinos e salas de bingo dos centros educativos, culturais, de ocio infantil e xuvenil, sanitarios ou asociativos de loita contra a ludopatía, de xeito que teñan que estar como mínimo a un quilómetro.

Paralelamente á elaboración da Lei, coordinar entre as diferentes consellerías con competencias un Plan de prevención da ludopatía.

CSV: REXISTROelko5RYoN5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:18:43
Nº Rexistro: 56411
Data envio: 26/09/2019 10:18:43.397

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

***Proposta de Resolución nº15***

***"Políticas de Cooperación e de apoio ás persoas refuxiadas"***

O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galicia a comprometer un crecemento anual, progresivo e previsible da axuda oficial ao desenvolvemento galego. Este crecemento terá sempre como horizonte o 0,7% do orzamento consolidado da Xunta de Galicia en materia Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD), partindo dun mínimo de 6 millóns de euros e acadando de forma progresiva e planificada o 0,2% ao final da lexislatura; así como a elaborar un plan de acollida, coa súa correspondente dotación orzamentaria, que, cando menos, permita activar aloxamento público para as persoas refuxiadas e inclúa un programa de emprego específico para as persoas refuxiadas de xeito que se facilite a súa inserción laboral.

CSV: REXISTROelko5RYoN5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:18:43
Nº Rexistro: 56411
Data envío: 26/09/2019 10:18:43.397

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

***Proposta de Resolución nº 16***

***"Garantía de acceso á vivenda, a vivenda como dereito da cidadanía"***

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a impulsar políticas para crear un Parque Público de Aluguer e vivenda de protección autonómica en propiedade e aluguer que en 3 anos sexa capaz de dar resposta á demanda expresada por case 14.000 galegas e galegos no Rexistro de Demandantes de Vivenda Pública, e que sirva de mecanismo regulador do mercado, así como crear un imposto autonómico de vivenda baleira para grandes posuidores cando esta non cumpra coa súa función social, e que impida a especulación coa vivenda.

CSV: REXISTROelko5RYoN5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:18:43
Nº Rexistro: 56411
Data envío: 26/09/2019 10:18:43.397

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

***Proposta de Resolución nº 17***

***"Incremento do investimento e mellora das políticas en materia de I+D+i cara un novo modelo produtivo"***

O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galicia a duplicar o gasto en actividades de I+D+i sobre o PIB para aproximarnos ao obxectivo de acadar o compromiso do 2% do PIB fixado no Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011–2015, reiteradamente incumprido. Así mesmo, reorganizaranse o Plan I2=C de xeito que as convocatorias públicas sexan verdadeiros programas de consolidación da carreira científica e non de temporalidade de exportación de talento como acontece na actualidade. Para conseguir este obxectivo adecuarase o número de convocatorias entre as fases do programa e habilitaranse vías de consolidación unha vez rematado o programa, ademais, aplicarase unha ollada feminista no desenvolvemento da política científica de xeito que os permisos de maternidade e paternidade non sexan un hándicap nas valoracións curriculares.

CSV: REXISTROelko5RYoN5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:18:43
Nº Rexistro: 56411
Data envio: 26/09/2019 10:18:43.397

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

***Proposta de Resolución nº 18***

***"En Defensa da nosa pesca e as súas xentes, por un modelo sostible que priorice a pesca artesanal e garanta a viabilidade futura do noso sector do mar"***

O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a liderar, perante as institucións europeas e do Estado, a xusta reclamación da exclusión dos topes de captura para a pesca tradicional, sustentable e de baixura, e demandar un reparto xusto das cotas dentro do estado evitando a actual discriminación que sofre a frota galega.

A exercer as súas competencias en augas interiores e decretar un plan Galego de explotación da sardiña ibérica para o xeito, que permita superar a situación actual.

A promover as iniciativas necesarias para mellorar a produtividade e garantir a sustentabilidade do noso sector marisqueiro, mediante plans de recuperación de zonas de produción e mellorando o subministro de semente autóctona, sen esquecer a promoción de iniciativas claras en materia de etiquetaxe dos produtos da pesca e a acuicultura galegas, evitando así a competencia desleal que sofren os nosos produtores e a fraude para as persoas consumidoras.

A elaborar unha auditoría sobre o nivel de contaminación dos recursos hídricos, prestando especial atención á situación das rías, que dea conta tamén dos diferentes motivos de dita contaminación, para que, a partir dos datos extraídos, se poña en marcha un plan eficaz específico para resolver cada un dos problemas detectados.

CSV: REXISTROelko5RYoN5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:18:43
Nº Rexistro: 56411
Data envio: 26/09/2019 10:18:43.397

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

***Proposta de Resolución nº 19***

***"En defensa da Sanidade Pública Galega contra a súa privatización encuberta"***

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a planificar a medio e longo prazo as medidas a tomar para prescindir paulatinamente dos concertos sanitarios privados; No caso de POVISA, estudar a fórmula administrativa máis axeitada e favorable que permita ao Servizo Galego de Saúde asumir a atención sanitaria do centro, garantindo os postos de traballo e as prestacións sanitarias; Iniciar os trámites para integrar na Rede Pública do SERGAS as fundacións, axencias e empresas públicas sanitarias; paralizar todas as privatizacións en curso, comezando o estudo e actuacións para a reversión dos servizos xa privatizados.

CSV: REXISTROelko5RYoN5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:18:43
Nº Rexistro: 56411
Data envio: 26/09/2019 10:18:43.397

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

***Proposta de Resolución nº 20***

***"Actuacións para resolver as consecuencias derivadas da contaminación por líndano"***

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a, con carácter urxente e en colaboración coas diferentes Administracións competentes, planificar e iniciar o proceso de limpeza e remediación das zonas afectadas polos residuos de líndano, adoptando as medidas necesarias para a protección e prevención da saúde pública e solicitando os fondos económicos dispoñibles para tal fin; Establecer normas de actuación ante posibles novas aparicións de verteduras no futuro e dispor dun Protocolo de control sanitario da poboación afectada ou potencialmente afectada pola exposición ao líndano.

CSV: REXISTROelko5RYoN5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:18:43
Nº Rexistro: 56411
Data envio: 26/09/2019 10:18:43.397

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

***Proposta de Resolución nº 21***

***"Plan Retorna 2020"***

O Parlamento Galego acorda instar á Xunta de Galicia a publicar, de xeito inmediato, o Plan Retorna 2020 completo co seu correspondente plan orzamentario así como presentar, nun prazo non maior a 3 meses, un informe sobre os resultados das medidas encamiñadas ao retorno que se viñan aplicando ata o de agora. Informe que inclúa, cando menos, número de solicitantes anual, número de aprobacións e denegacións, causas principais de denegación e lugares de orixe.

CSV: REXISTROeIko5RYoN5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:18:43
Nº Rexistro: 56411
Data envio: 26/09/2019 10:18:43.397

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

***Proposta de Resolución nº 22***

***"Clausura mina de Touro"***

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia decretar a caducidade do Proxecto de Reapertura da explotación mineira de San Rafael nos concellos de Touro e o Pino.

CSV: REXISTROelko5RYoN5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 13:43:29
Nº Rexistro: 56438
Data envio: 26/09/2019 13:43:29.199

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Común da Esquerda ante o acordo tomado por esa Mesa, na súa sesión do día 26 de setembro de 2019, sobre a cualificación das propostas de resolución presentadas en relación co debate de política xeral de 2019, REFORMULA as Propostas de resolución núms. 23, 25 e 26:

***Proposta de Resolución nº 23***

***"Derrogación da lei de iniciativas empresariais e novo Plan Eólico".***

O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a derrogar a Lei 4/2017 de Fomento de Iniciativas Empresariais e elaborar un novo Plan Sectorial Eólico de Galiza baixo as seguintes premisas:

Participación social para a elaboración do Plan. Durante un período non inferior a 6 meses, a Xunta de Galiza establecerá formas de consulta aberta con asociacións e colectivos ecoloxistas, culturais, sociais, propietarios de montes, concellos, etc. para obter propostas conducentes á elaboración dun borrador do Plan. Unha vez elaborado dito borrador, abrirase un novo prazo non inferior a 6 meses para que todos os colectivos consultados, e a cidadanía en xeral, poidan presentar alegacións.

Conseguir un modelo respectuoso coa conservación dos valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais e que procure o máximo retorno social da explotación dos recursos, dando prioridade a proxectos de explotación públicos e cooperativas.

Fomentar a xeración distribuída e o autoconsumo evitando os grandes parques

CSV: REXISTROKaBvzHw6b6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 13:43:29
Nº Rexistro: 56438
Data envio: 26/09/2019 13:43:29.199

en lugares que supoñen graves impactos ambientais e paisaxísticos.

Apoiar, as iniciativas de cooperativas de produción onde a poboación local, comunidades de montes e outras fórmulas comunitarias, sexan as protagonistas.

Nos novos proxectos de iniciativa privada e non dedicados ao autoconsumo, dar prioridade a aqueles que contemplen a participación pública do INEGA no capital dos novos parques.

Establecer novas medidas fiscais e extrafiscais que faciliten o retorno social de parte dos beneficios producidos pola actividade modificando o Canon Eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

Ampliar a superficie declarada actualmente como Rede Natura.

Introducir zonas de exclusión paisaxísticas determinadas nas Directrices da Paisaxe e os Catálogos da Paisaxe.

Un período transitorio, en canto non se aprobe o novo Plan, que estableza zonas de exclusión ambiental naqueles lugares con probabilidade de formar parte da proposta de ampliación da Rede Natura.

CSV: REXISTROKaBvzHw6b6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:18:43
Nº Rexistro: 56411
Data envio: 26/09/2019 10:18:43.397

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

***Proposta de Resolución nº 24***

***"Defensa do emprego público no SERGAS"***

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dotar o Servizo Galego de Saúde cos recursos económicos suficientes, para poder negociar un plan de estabilidade na mesa sectorial de sanidade, que cumpra coas ratios axeitadas e convoque as Ofertas Públicas de Emprego necesarias para rematar co abuso na contratación temporal e a sobrecarga de traballo, garantindo unha correcta cobertura das especialidades e todas as categorías.

CSV: REXISTROelko5RYoN5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 13:43:29
Nº Rexistro: 56438
Data envio: 26/09/2019 13:43:29.199

***Proposta de Resolución nº 25***

***"Transición Enerxética".***

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a poñer en marcha todas as medidas precisas para acometer unha transición enerxética responsable de maneira urxente. Esta transición debe estar fundamentada nunha aposta pola xestión pública, a través dun operador Público de Enerxía que inclúa a recuperación e xestión das centrais hidroeléctricas.

Para acadar este cometido a Xunta de Galicia debe impulsar, a través dos departamentos competentes, as seguintes actuacións:

-Instar aos Ministerio de Industria e Turismo e Transición Ecolóxica a constituír de inmediato o Grupo de traballo para analizar o modelo de transición enerxética máis racional e sustentable ambiental e economicamente.

A creación do Grupo de Traballo en As Pontes e Cerceda, con participación de colectivos sociais, medioambientais e empresariais, para desenvolver plans estratéxicos de desenvolvemento económico e formativos para transformar en oportunidades a implantación de medidas de transición enerxética.

Instar aos Ministerios de Industria e Turismo e Transición Ecolóxica a

CSV: REXISTROKaBvzHw6b6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

desenvolver convenios marco de colaboración coa Xunta de Galicia e os Concellos de As Pontes e Cerceda segundo as bases reguladoras de axudas para o impulso económico das comarcas mineiras do carbón, mediante o desenvolvemento de proxectos de infraestruturas, proxectos de restauración de zonas degradadas a causa da actividade mineira e programas de capacitación técnica para traballadores e empresas.

Instar a Endesa e Naturgy (antiga Gas Natural Fenosa), tendo en conta os enormes beneficios acadados explotando os recursos naturais desas zonas e os impactos medioambientais, a ser participes das iniciativas empresariais, principalmente no eido das enerxías renovables e tecnoloxías presentes na transición enerxética, nos Concellos de As Pontes e de Cerceda e as súas comarcas. Estas iniciativas formarían parte dos plans que as compañías terían que desenvolver para garantir o mantemento de todos os postos de traballo actuais das centrais

CSV: REXISTROKaBvzHw6b6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56447
Data envio: 26/09/2019 14:15:07.585

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Común da Esquerda, presenta a seguinte corrección de erros á reformulación da Proposta de Resolución nº 26 presentada no documento con número de rexistro de entrada 56438.

Débese substituír o texto da Proposta de relución nº 26 polo seguinte:

En Defensa da Xestión Pública da Auga

Plan de conservación integral do ciclo da auga no que a Xunta de Galicia se comprometa a traballar de forma conxunta coas administración competentes na defensa do ciclo integral da auga como ben público, xestionado ao 100 % dende o sector público, evitando a súa mercantilización e a súa conversión en obxecto de lucro e especulación, así como establecer estratexias que loiten contra a privatización total ou parcial da xestión do ciclo integral da auga e dos servizos de auga e saneamento.

Este Plan debe establecer medidas destinadas a:

-Asegurar a sustentabilidade do ciclo integral da auga dacordo coa Directiva Marco da Auga, fixando como obxectivo básico a protección e conservación da calidade ambiental de todas as augas (ríos, acuíferos, humedais, lagos e augas costeiras), incrementando notablemente o orzamento para o saneamento das rías, acometendo actuacións medioambientais nas cabeceiras dos ríos, conservando e recuperando bosque autóctono, camiñando cara os verquidos 0 incrementando o

CSV: REXISTRO5VteBaXah9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

control e contía das sancións, reducindo especies arbóreas consumidoras de recursos hídricos como o Eucalipto ou a Acacia, facendo políticas de reducción de consumos e demais actuacións medioambientais precisas.

-Garantir o dereito humano á auga, recoñecido polas Nacións Unidas, fixando un mínimo vital de 100 litros por persoa e día, como recomenda a ONU.

-Favorecer, impulsar e desenvolver a través de Augas de Galicia mecanismos de xestión pública do servicio de abastecemento de auga, prestando soporte xurídico, administrativo, técnico e financeiro aos concellos galegos con esta fin.

-Fomentar a creación dun laboratorio de auga urbana en Galicia que supervise a calidade do servicio de abastecemento, ademais de asesorar aos concellos na súa xestión; que conte cos axeitados mecanismos de participación e de control pública.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas
Voceiro do G.P Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 26/09/2019 14:14:41**

CSV: REXISTRO5VteBaXah9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:18:43
Nº Rexistro: 56411
Data envio: 26/09/2019 10:18:43.397

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

***Proposta de Resolución nº 27***

***"Contra a manipulación informativa. Medios públicos, plurais, libres e independentes, sen inxerencia".***

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar o nomeamento do Director Xeral da CRTVG por parte da cámara Galega, por concurso de méritos. Apoiar as reivindicacións dos traballadores/as que levan 70 "Venres Negros" demandando o cumprimento da Lei actual 9/2011 de 9 de novembro de medios públicos de comunicación. Superar o actual modelo que converte a CRTVG no órgano de expresión do Goberno Galego. Garantir a súa independencia, sen inxerencias. Solicitar ao Consello de administración da CRTVG que aprobe o Estatuto Profesional e o Consello de Informativos para velar polo cumprimento da neutralidade informativa. Implementar mecanismos de control e transparencia na contratación interna e na subcontratación coas empresas privadas. Desenvolver un manual de estilo propio. Reflectir o pluralismo ideolóxico, político, cultural e social do noso país, tal e como establece a vixente lei.

CSV: REXISTROelko5RYoN5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:18:43
Nº Rexistro: 56411
Data envio: 26/09/2019 10:18:43.397

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

***Proposta de Resolución nº 28***

***"En defensa da lingua a lusofonía e promoción da Lei Paz Andrade"***

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a efectuar un cambio radical na súa política lingüística, derrogando o Decreto 79/2010 do plurilingüísimo, para volver ao consenso do Plan Xeral de Normalización Lingüística vixente, como paso previo a un novo Plan adaptado á realidade sociolingüística dos centros. Mentres tanto, o goberno daralle prioridade á infancia e a súa posibilidade de socialización en lingua galega, mediante os plans de ensino máis axeitados para garantir o pleno coñecemento e uso do idioma.

Ademais o Parlamento insta á Xunta de Galicia a crear un grupo de traballo coa finalidade de preparar as políticas e liñas de acción que poderían ter eficacia e resultados positivos para Galicia, en termos institucionais, económicos, sociais e culturais, no caso de que este Goberno entre a facer parte da Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa (CPLP).
De tal forma que a Xunta de Galicia fará un seguimento efectivo da Lei Paz Andrade, en concreto atender sen máis dilacións as seguintes medidas urxentes por orde de prioridade:

- Convocatoria en 2020 de novas oposicións na especialidade 590015-portugués.
- Convocar 50% do número de centros que estean a impartir portugués sen especialista no período anterior á convocatoria.
- Regularizar os chamamentos da especialidade asegurando a prioridade absoluta nas substitucións da propia lista da especialidade.
- Aplicar mecanismos de verificación de posesión de competencias (nivel

CSV: REXISTROelko5RYoN5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:18:43
Nº Rexistro: 56411
Data envio: 26/09/2019 10:18:43.397

C1-QCER) cando fose impartido por persoas que non estean inscritas na especialidade.

- EOI: abrir o ensino de portugués nas escolas oficiais das vilas de Monforte e Carballo e Viveiro.

CSV: REXISTROelko5RYoN5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:18:43
Nº Rexistro: 56411
Data envío: 26/09/2019 10:18:43.397

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

***Proposta de Resolución nº 29***

***"A cultura como ben común"***

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a pensar na Cultura como un ben común, de primeira necesidade. Planificar con seriedade o acceso democrático a un servizo básico, sen disociar a súa dimensión económica da dimensión social e artística. Priorizar a política cultural na que se dialogue con todos os axentes do ecosistema cultural galego para a recuperación real que permita a saída da precariedade, inestabilidade e desestruturación á que se viu abocado nos últimos anos. Iniciar un proceso para dotar ao Centro Dramático Galego dun marco legal e dunha autonomía real que permita o seu normal funcionamento. Garantir a protección e conservación do noso patrimonio cultural, arquitectónico e arqueolóxico.

CSV: REXISTROelko5RYoN5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

***Proposta de Resolución nº 30***

***"En defensa da Memoria Histórica Democrática"***

o Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver novas políticas en materia de Memoria Histórica Democrática en defensa da verdade, xustiza, reparación e garantías de non repetición. Crear unha comisión permanente no Parlamento e, logo de abrir un debate social participativo, con dotación de fondos públicos, desenvolver primeiro un Programa- Base de prioridades 2019-20, de cara á elaborar un Plan Integral de M.H.D e retomar unha Lei Galega de Memoria Histórica Democrática como teñen outras CCAA.

CSV: REXISTROelko5RYoN5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:18:43
Nº Rexistro: 56411
Data envio: 26/09/2019 10:18:43.397

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

***Proposta de Resolución nº 31***

***"Xacobeo "***

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a ter en conta as advertencias dos perigos de perda de consideración como Patrimonio da Humanidade dos Camiños de Santiago e a adoptar as seguintes medidas: Derrogación da "aberrante" lei de Rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas que ten visos de inconstitucionalidade e espolio dos bens integrantes do patrimonio histórico e que desprotexen os núcleos históricos. Tamén insta á Xunta de Galicia a atender os informes de ICOMOS e dos expertos para protexer o patrimonio cultural, paisaxístico e medioambiental. Asemade, insta á Xunta de Galicia a protexer os Camiños das agresións que están padecendo; a evitar o impacto masivo do Turismo e xerar traballo estable e de calidade.

CSV: REXISTROelko5RYoN5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:18:43
Nº Rexistro: 56411
Data envío: 26/09/2019 10:18:43.397

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

***Proposta de Resolución nº 32***

***"Defensa do sistema público de pensións, suficiente, digno e redución da idade de xubilación aos 65 anos"***

O Parlamento de Galicia comprométese coa defensa do sistema público de pensións e insta á Xunta a trasladar ao Goberno do Estado a necesidade de blindar as pensións actualizándoas segundo o IPC real, a derrogación das reformas das pensións do 2011 e 2013, a recuperación da idade de xubilación aos 65 anos, e a equiparación da pensión mínima co salario mínimo, coa fin de solventar o feito de que as pensións galegas sexan das máis baixas do Estado. Así mesmo, utilizaranse os medios necesarios para solucionar a fenda de xénero existente nestas.

CSV: REXISTROelko5RYoN5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:18:43
Nº Rexistro: 56411
Data envío: 26/09/2019 10:18:43.397

GRUPO
COMÚN DA
ESQUERDA

***Proposta de Resolución nº 33***

***" Plan de choque contra a pobreza e compromiso coas rendas sociais"***

O Parlamento de Galicia acorda demandar á Xunta de Galicia a elaboración dun plan de loita contra a pobreza e a desigualdade dotado orzamentariamente, atendendo especialmente a situación da infancia, para solventar as carencias da poboación galega en situación de exclusión social, incrementando o gasto social por habitante para permitir que exista un sistema de protección social público que sexa inclusivo e garantista.

Neste senso o Parlamento aposta por transformar a actual renda de integración social de Galicia nunha verdadeira renda mínima no camiño da procura dunha renda garantida, para o cal é necesario dotar ao noso sistema fiscal de maior progresividade.

CSV: REXISTROelko5RYoN5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:18:43
Nº Rexistro: 56411
Data envio: 26/09/2019 10:18:43.397

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

***Proposta de Resolución nº 34***

**“*Incremento* e mellora da rede pública de centros de maiores”**

O Parlamento de Galicia acorda potenciar a rede pública de centros de día e residencias de maiores incrementando as prazas para eliminar as listas de agarda, aumentando a construción de novos centros 100% públicos antes de que remate a actual lexislatura para que dean resposta á demanda actual.

Aumentaranse os cadros de persoal para incrementar as actuais ratios para que a carga de traballo non sexa excesiva, non se poña en risco a seguridade e a saúde das traballadoras e se poida manter unha calidade asistencial óptima. Así mesmo, ínstase a Xunta de Galicia a eliminar a suspensión do artigo 19 do V Convenio Único para o persoal laboral e a realizar unha auditoría pública de todas as residencias da rede pública xestionadas por empresas privadas de cara a planificar nos próximos cinco anos a súa recuperación para a xestión pública directa.

CSV: REXISTROelko5RYoN5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:18:43
Nº Rexistro: 56411
Data envio: 26/09/2019 10:18:43.397

GRUPO
COMÚN DA
ESQUERDA

***Proposta de Resolución nº 35***

***"Mocidade"***

O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a realizar un estudo que investigue detalladamente as condicións laborais e materiais dos mozos e mozas galegos coa fin de deseñar medidas que axuden a mellorar a súa situación, elaborando un programa que asegure o acceso a unha vivenda digna e a un emprego de calidade para combater o desemprego, a precariedade e o auxe dos contratos temporais actuais.

CSV: REXISTROelko5RYoN5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:18:43
Nº Rexistro: 56411
Data envio: 26/09/2019 10:18:43.397

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

***Proposta de Resolución nº 36***

***"Contra a precariedade laboral no sector turístico"***

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a loitar con firmeza contra o actual modelo de precariedade no emprego vinculado ao sector turístico, así como a avanzar no coñecemento da situación das condicións en materia de saúde laboral que se dan nos establecementos hoteleiros en Galicia, elaborando un estudo propio e instando ao Goberno do Estado a levar adiante un plan para aumentar as inspeccións laborais e o recoñecemento das enfermidades profesionais que se dan no sector.

CSV: REXISTROelko5RYoN5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:18:43
Nº Rexistro: 56411
Data envio: 26/09/2019 10:18:43.397

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

***Proposta de Resolución nº 37***

***"Loita contra as violencias machistas"***

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a comprometer o 1% do orzamento á loita contra as violencias machistas. Un investimento económico acorde coas necesidades reais da rede de Centros de Información ás Mulleres e da Rede de Acollemento e coas esixencias que a propia Xunta lles impón.

Así mesmo, comprométese a respectar a Folga feminista do 8 de marzo e non boicoteala vulnerando o dereito á folga das súas traballadoras, e apoiará activamente o conxunto das convocatorias do movemento feminista.

CSV: REXISTROelko5RYoN5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:18:43
Nº Rexistro: 56411
Data envio: 26/09/2019 10:18:43.397

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

***Proposta de Resolución nº 38***

***"Benestar animal"***

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar a Lei de Benestar Animal cun regulamento participado polas Administracións locais, Deputacións e colectivos en defensa dos animais, dotando orzamentariamente o cumprimento da norma con 5M€ para os anos 2020 e 2021. Por outra banda, co obxectivo de concienciar, poñer en marcha contidos audiovisuais de fomento do respecto e da empatía polos animais na CRTVG.

Tamén debe adoptar as medidas lexislativas necesarias para poñer fin ás touradas en Galicia, desenvolver campañas específicas para loitar contra as lacras do abandono e do maltrato animal e deixar de apoiar ou/e patrocinar competicións para matar raposos.

A favorecer a xestión pública dos centros de acollida animal, prestando o necesario soporte xurídico, administrativo, técnico e financeiro aos concellos galegos con esta fin.

CSV: REXISTROelko5RYoN5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda
+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:18:43
Nº Rexistro: 56411
Data envio: 26/09/2019 10:18:43.397

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

***Proposta de Resolución nº 39***

***"Apoio á folga internacional polo clima"***

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a apoiar a folga internacional polo clima convocada este 27 de setembro pola Emerxencia Climática asumindo as súas demandas, recollidas en Galicia no manifesto do Movemento Galego Polo Clima, que reúne aos principais colectivos ecoloxistas galegos e esixe de maneira urxente medidas concretas para acadar as cero emisións netas de gases de efecto invernadoiro antes de que se de unha situación irreversible, ante iso defenden a necesidade de abandonar os combustibles fósiles, camiñando cara unha redución de consumo de enerxía e pasando a usar fontes renovables de produción da mesma de maneira urxente.

CSV: REXISTROelko5RYoN5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

***Proposta de Resolución nº 40***

***"Defensa da democracia nas institucións públicas galegas"***

O parlamento insta a Xunta de Galicia a deixar de instrumentalizar as institucións públicas, nomeadamente na elección das persoas para o desempeño de cargos institucionais onde debe primar o mérito, a capacidade e a independencia e non os intereses partidarios.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas
Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 26/09/2019 10:18:12**

CSV: REXISTROelko5RYoN5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:15:02
Nº Rexistro: 56410
Data envio: 26/09/2019 10:15:02.500

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** a través do seu portavoz e de acordo coas previsións establecidas pola Mesa do Parlamento de Galicia, para o debate de política xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ao abeiro do disposto no regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa as seguintes **propostas de resolución:**

CSV: REXISTROL3dQ8yHph6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:15:02
Nº Rexistro: 56410
Data envío: 26/09/2019 10:15:02.500

**Resolución número 1**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a iniciar de xeito inmediato a aprobación dun Proxecto lei de financiamento local acordada coa Fegamp, no que se recolla a clarificación das funcións e competencias municipais e o seu debido financiamento, incluíndo a asunción por parte da Administración autonómica do mantemento dos centros de educación primaria e centros de saúde, así como o establecemento dos principios para garantir un reparto obxectivo e transparente das subvencións e convenios autonómicos cas administracións locais.

CSV: REXISTROL3dQ8yHph6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:15:02
Nº Rexistro: 56410
Data envío: 26/09/2019 10:15:02.500

**Resolución número 2**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a promover a posta en marcha das áreas metropolitanas, retirando o recurso presentado en relación á Área Metropolitana de Vigo e impulsando o acordo cos concellos que conformarán a Área Metropolitana da Coruña, ao tempo que impulsar e colaborar na posible constitución de consorcios ou órganos de transporte conxunto naquelas áreas que así o decidan, sen que o seu funcionamento se deba supeditar necesariamente a directrices ou plans exclusivamente autonómicos.

CSV: REXISTROL3dQ8yHph6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:15:02
Nº Rexistro: 56410
Data envio: 26/09/2019 10:15:02.500

**Resolución número 3**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia dirixirse ao Goberno de España que resulte das eleccións do 10 de novembro de 2019 para que a reforma do modelo de financiamento autonómico agora vixente sexa considerada coa máxima prioridade na axenda gobernamental, defendendo os criterios xa aprobados no Pleno do Parlamento de Galicia na sesión do 6 de marzo de 2018, incluíndo unha solución para o axustes das entregas a conta ás previsións de recadación e á recuperación da mensualidade do IVE.

CSV: REXISTROL3dQ8yHph6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:15:02
Nº Rexistro: 56410
Data envio: 26/09/2019 10:15:02.500

**Resolución número 4**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a garantir o dereito de toda a cidadanía a acceder e coñecer o patrimonio artístico cultural de Galicia, para o cal acordará coa Igrexa Católica a visita libre e gratuíta nos termos que fixa a Lei 5/2016, a todo o patrimonio arquitectónico de valor cultural da súa propiedade que nalgún momento recibise subvencións e/ou axudas económicas de calquera administración pública para a súa rehabilitación, conservación ou mantemento, sendo este un criterio para o outorgamento de ditas subvencións ou axudas por parte da Administración autonómica.

CSV: REXISTROL3dQ8yHph6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:15:02
Nº Rexistro: 56410
Data envio: 26/09/2019 10:15:02.500

**Resolución número 5**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a garantir que calquera incorporación de novas universidades ao Sistema Universitario de Galicia evite efectos negativos ás existentes e produza complementariedade e non solapamento coa oferta de titulacións das mesmas.

CSV: REXISTROL3dQ8yHph6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:15:02
Nº Rexistro: 56410
Data envio: 26/09/2019 10:15:02.500

**Resolución número 6**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a garantir que o coñecemento da lingua galega sexa, con carácter xeral, considerada un requisito para o acceso á Administración pública autonómica, impulsando as medidas contidas no Plan Xeral de normalización Lingüística.

CSV: REXISTROL3dQ8yHph6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:15:02
Nº Rexistro: 56410
Data envío: 26/09/2019 10:15:02.500

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

**Resolución número 7**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a adoptar con carácter urxente as medidas necesarias, coa dotación orzamentaria pertinente, para cumprir a *Lei 52/2007, do 26 decembro, pola que se recoñece e amplían dereitos e se establecen medidas en favor dos que padeceron persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura,* rexeitando as formulacións políticas contrarias a dita lei, e en particular a facilitar a busca, localización, recuperación e identificación das vítimas da guerra civil e a ditadura , apoiar ás asociacións da memoria histórica, apoiar a retirada dos símbolos e monumentos que honren a memoria dos vencedores ou conmemoren a sublevación militar, a guerra civil ou a ditadura e poñer todos os medios necesarios para que se remate ca apoloxía do franquismo que está a facer dende a Fundación Francisco Franco nas visitas ao pazo de Meirás, garantindo o dereito da cidadanía a visitalo dada a súa condición de Ben de Interese Cultural, nos termos que marca a Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia.

CSV: REXISTROL3dQ8yHph6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:15:02
Nº Rexistro: 56410
Data envio: 26/09/2019 10:15:02.500

**Resolución número 8**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia, no ámbito da mellora dos servizos da sanidade, a convocar para o ano 2020 o volume total de prazas MIR habilitadas polo Ministerio de Sanidad para Galicia nas categorías de Medicina Familiar e Comunitaria, Pediatría e Enfermería Familiar e Comunitaria, ao tempo que a comprometer a oferta do chamado contrato de continuidade por unha duración de 3 anos a todos/as profesionais residentes que finalicen a súa etapa formativa en Galicia durante os anos que exista déficit de profesionais facultativos no sistema galego público de saúde.

CSV: REXISTROL3dQ8yHph6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:15:02
Nº Rexistro: 56410
Data envío: 26/09/2019 10:15:02.500

**Resolución número 9**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia, no ámbito da atención hospitalaria, a desenvolver nun prazo de tres meses un catálogo de servizos sanitarios que se consideren básicos dentro do sistema sanitario público de Galicia, co fin de que permanezan implantados e en funcionamento dentro de todos os centros hospitalarios públicos de Galicia, contemplando este catálogo no deseño dos recursos humanos do global do sistema, para que os servizos mínimos determinados para cada centro hospitalario poidan ser garantidos con persoal non rotatorio entre hospitais na medida do posible.

CSV: REXISTROL3dQ8yHph6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:15:02
Nº Rexistro: 56410
Data envio: 26/09/2019 10:15:02.500

**Resolución número 10**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver un plan de estabilización do persoal sanitario, a partir de:

- Incluír no marco das dúas vindeiras OPEs todas as prazas do sistema público de saúde cuxa ocupación veña sendo desempeñada por persoal non estatutario máis da metade do tempo nos últimos dous anos.
- Desenvolver as medidas administrativas necesarias para incorporar ao persoal estatutario a aquel persoal sanitario que teña encadeado contratos eventuais co Sergas por máis de 300 días durante os últimos dous anos.
- Convocar co horizonte de 2023, un volume igual ou superior ás 5.000 novas prazas estatutarias no global do sistema público de saúde de Galicia.

CSV: REXISTROL3dQ8yHph6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:15:02
Nº Rexistro: 56410
Data envío: 26/09/2019 10:15:02.500

**Resolución número 11**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a promover un Plan de Transición Industrial Galego que, no marco da Transición Enerxética Xusta, e en consonancia cas oportunidades e investimentos derivados da transición enerxética da UE, estableza as prioridades e obxectivos cuantitativos e verificables para os sectores industriais, primando nese contexto a formación de traballadores e traballadoras naqueles sectores que o demanden e buscando alternativas viables para as zonas especialmente afectadas por crises empresariais; planificación que deberá ser participada cos principais axentes económicos e sociais e inserirse con claridade na necesaria revisión do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020, sendo enviado á Cámara galega para procurar un gran acordo para a transición industrial.

CSV: REXISTROL3dQ8yHph6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:15:02
Nº Rexistro: 56410
Data envio: 26/09/2019 10:15:02.500

**Resolución número 12**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar de xeito decidido o investimento produtivo galego transformando o Igape, co obxecto de conseguir que a formación de capital sexa na comunidade cando menos o 60 % do excedente bruto de explotación.

CSV: REXISTROL3dQ8yHph6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Resolución número 13**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a potenciar as medidas para a recuperación e impulso en materia de I+D+i, para o cal deberá recuperar os niveis de financiamento público en I+D+i do ano 2009, ao longo dos dous vindeiros exercicios orzamentarios, con incrementos anuais que se sitúen cando menos nun 50 % por riba do crecemento previsto para o PIB; de maneira que nos podamos aproximar á media española e europea.

CSV: REXISTROL3dQ8yHph6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:15:02
Nº Rexistro: 56410
Data envio: 26/09/2019 10:15:02.500

**Resolución número 14**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a recuperar o programa de gratuidade de libros de texto nas etapas educativas obrigatorias, así como a recuperar os horarios do persoal docente non universitario anteriores ao regulado nas ordes do 23 de xuño de 2011 e do 4 de xuño de 2012.

CSV: REXISTROL3dQ8yHph6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:15:02
Nº Rexistro: 56410
Data envío: 26/09/2019 10:15:02.500

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

**Resolución número 15**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a aprobar un *Plan de equilibrio territorial,* como un documento contrastable e avaliable das actuacións a levar a cabo polo Goberno autonómico neste eido, e no que, entre outras, promoverase a creación dunha Axencia pública para o equilibrio territorial, con carácter despolitizado, profesional e independente, seguindo o modelo escocés da *"Highlands and Islands Enterprise"*, que colaborará con outras administracións, e que planifique, programe e xestione actuacións públicas para a garantía dos servizos básicos e para a atracción de empresas e a creación de emprego.

CSV: REXISTROL3dQ8yHph6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:15:02
Nº Rexistro: 56410
Data envio: 26/09/2019 10:15:02.500

**Resolución número 16**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a levar a cabo unhas actuacións decididas cara á mellora das infraestruturas viarias, para o que fixará un cronograma con compromisos orzamentarios e prazos realistas tal que se recupere no horizonte do 2022, cando menos, as previsións que contiña o denominado Plan MOVE, e que plasmarase, de acordo coa normativa vixente e previa presentación na Cámara galega no próximo semestre, no Plan Director de Estradas de Galicia.

CSV: REXISTROL3dQ8yHph6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:15:02
Nº Rexistro: 56410
Data envio: 26/09/2019 10:15:02.500

**Resolución número 17**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno do Estado que resulte das eleccións do 10 de novembro de 2019, que nos orzamentos do ano 2020 se contemplen os investimentos na Comunidade Autónoma de Galicia que permitan o remate das infraestruturas viarias pendentes, as melloras nas redes e servizos ferroviarios e actuacións nos portos de interese xeral do Estado de Galicia, conforme aos distintos acordos acadados no Parlamento de Galicia.

CSV: REXISTROL3dQ8yHph6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:15:02
Nº Rexistro: 56410
Data envio: 26/09/2019 10:15:02.500

**Resolución número 18**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a levar a cabo as actuacións necesarias para avanzar na asunción de novas competencias pola Comunidade Autónoma, mediante a aprobación dunha Axenda de Autogoberno, asumindo a este respecto o Informe realizado polo Goberno galego para a Comisión Mixta de transferencias de data 3 de novembro de 2005.

CSV: REXISTROL3dQ8yHph6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista
Parlamento de Galicia
PSG PSOE

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:15:02
Nº Rexistro: 56410
Data envío: 26/09/2019 10:15:02.500

**Resolución número 19**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a desenvolver e cumprir de xeito completo antes do remate da X Lexislatura, a totalidade dos aspectos e instrumentos previstos na *Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia*, de xeito especial no relativo a aquelas disposicións contempladas na lei destinadas a garantir a obxectividade e pluralidade dos medios de comunicación públicos galegos, procedendo de xeito inmediato a iniciar a efectiva elección dun novo director ou directora da Corporación RTVG, promover as actuacións necesarias para a aprobación do estatuto profesional e posta en marcha do consello de informativos, así como presentar un proxecto de lei para a creación da Autoridade audiovisual independente.

CSV: REXISTROL3dQ8yHph6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:15:02
Nº Rexistro: 56410
Data envío: 26/09/2019 10:15:02.500



**Resolución número 20**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a eliminar os obstáculos que impiden a plena participación na sociedade das persoas con discapacidade, para o cal aprobarase, antes de que remate este ano, un plan de accesibilidade universal, en edificios, establecementos ou instalacións de uso público e privado, dotándose de orzamento para que se poida executar de xeito urxente, e co fin de asegurar a plena inclusión de todas as persoas, segundo o establecido na *Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade*, ao tempo que *se* estableceran novas medidas específicas de apoio ao emprego de persoas con discapacidade nos pregos de contratación de bens e/ou servizos da Administración pública galega.

CSV: REXISTROL3dQ8yHph6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:15:02
Nº Rexistro: 56410
Data envío: 26/09/2019 10:15:02.500

**Resolución número 21**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar a aplicación da Lei de dependencia, para o cal porá en marcha, de xeito urxente, un plan para sacar da lista de agarda a todas aquelas persoas cos dereitos recoñecidos e reforzará o labor de inspección, incrementando os recursos humanos para vixiar os incumprimentos da normativa ou estándares de calidade esixidos, incluíndo o incremento do persoal dos equipos de valoración da discapacidade, co obxectivo de eliminar no prazo máximo de seis meses nas listas de espera, así como repoñer os postos de traballo suprimidos e/ou amortizados da Consellería de Política Social nos centros públicos de atención ás persoas con discapacidade, para situalos a niveis, cando menos, do ano 2009.

CSV: REXISTROL3dQ8yHph6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:15:02
Nº Rexistro: 56410
Data envio: 26/09/2019 10:15:02.500

**Resolución número 22**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a garantir antes do remate da actual Lexislatura, as licitacións das sete residencias de maiores anunciadas, garantindo a xestión propia das mesmas, co obxectivo de alcanzar, no menor prazo de tempo posible, a ratio de prazas residenciais por cada 100 persoas de 65 e máis anos recomendada pola OMS e que, en todo caso, non será inferior á media estatal.

CSV: REXISTROL3dQ8yHph6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:15:02
Nº Rexistro: 56410
Data envio: 26/09/2019 10:15:02.500

**Resolución número 23**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a impulsar e mellorar a rede de escolas infantís públicas de 0 a 3 anos, tal que o acceso constitúa un dereito subxectivo e universal, propiciando medidas de conciliación da vida familiar e laboral e incrementando de maneira urxente o número de prazas públicas en escolas infantís ata niveis en que se elimine a lista de agarda, avanzando de xeito decidido paulatinamente cara a gratuidade nesta etapa escolar, co obxectivo de que no horizonte do ano 2024, un 50 % dos menores de tres anos estean atendidos en centros escolares que pertenzan a unha rede de recursos pública e gratuíta, e sexa totalmente gratuíta para, cadoo menos, o segundo fillo e seguintes e todos os que pertenzan a familias con renda inferior a 2,5 vexes o IPREM.

CSV: REXISTROL3dQ8yHph6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:15:02
Nº Rexistro: 56410
Data envio: 26/09/2019 10:15:02.500

**Resolución número 24**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha unha verdadeira estratexia de loita contra a desigualdade, a pobreza e a exclusión social na que se recollan, entre outras, un programa de Renda Mínima compatible co salario que amplíe a axuda aos menores de familias con necesidade de xeito progresivo, co obxectivo de chegar ata 6 anos en 2020 e ata os 15 anos nun horizonte definido, así como aprobar un plan de choque, dotado orzamentariamente, que teña como poboación obxectivo os fogares sen ningún ingreso.

CSV: REXISTROL3dQ8yHph6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:15:02
Nº Rexistro: 56410
Data envío: 26/09/2019 10:15:02.500

**Resolución número 25**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a incrementar o investimento en materia de cooperación internacional durante o ano 2019 de tal maneira que este supoña o 0,2 % do orzamento da Xunta de Galicia; así como a elaborar un informe trimestral a respecto da implementación do Plan de acollida para persoas refuxiadas da nosa comunidade, que será presentado no Parlamento de Galicia e publicado na páxina web da Xunta de Galicia, establecendo un programa de axudas para as familias galegas que acollan persoas refuxiadas.

CSV: REXISTROL3dQ8yHph6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:15:02
Nº Rexistro: 56410
Data envío: 26/09/2019 10:15:02.500

**Resolución número 26**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a declarar Galicia en "Situación de Emerxencia Climática", adoptando medidas reais, con asignacións orzamentarias anuais concretas, para mitigar e nos adaptar á crise climática, tales como:

- O establecemento dun plan autonómico de descarbonización nesta lexislatura, co horizonte de acadar unha economía neutra de carbono no 2035
- O aumento do uso de materiais reciclados nas obras públicas, co obxectivo de achegarse ao 40 %.
- A promoción de acordos e convenios con outras administracións para cofinanciar programas e accións concretas de loita contra a crise climática.
- A aprobación dun plan de fomento das enerxías renovables e o autoconsumo enerxético no sector público de Galicia.

CSV: REXISTROL3dQ8yHph6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:15:02
Nº Rexistro: 56410
Data envío: 26/09/2019 10:15:02.500

**Resolución número 27**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a implantar un plan de rexeneración de todas as rías galegas para esta lexislatura 2016-2020, que reduza con efectividade os niveis de contaminación existentes e poña fin ás infraccións da lexislación da UE declaradas polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea, mantendo en condicións as infraestruturas existentes; mellorando as EDAR e o proceso de tratamento e xestión dos vertidos das augas residuais a través da súa depuración e estendendo a rede de tratamento do saneamento que evite os vertidos continuos ou fóra de parámetro.

CSV: REXISTROL3dQ8yHph6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:15:02
Nº Rexistro: 56410
Data envío: 26/09/2019 10:15:02.500

**Resolución número 28**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar novos obxectivos na súa política de vivenda comprometéndose a incrementar o orzamento dedicado a consolidación dun parque de vivenda pública, mediante a promoción de vivendas novas ou rehabilitadas, que responda ás demandas do Rexistro de Demandantes de Vivenda, e co obxecto de duplicar o parque de vivenda actual a cinco anos vista, tal e como foi aprobado na Cámara galega fai un ano, ao tempo que atender todas as demandas de axudas de vivenda en aluguer para colectivos vulnerables que contempla o Plan Estatal de Vivenda, complementándoas con fondos propios e programas propios no caso de ser preciso, e garantindo unhas condicións das bases igualitarias para os galegos e galegas fronte a outras comunidades autónomas.

CSV: REXISTROL3dQ8yHph6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:15:02
Nº Rexistro: 56410
Data envio: 26/09/2019 10:15:02.500

**Resolución número 29**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a apoiar a constitución dunha Mesa de Política Pesqueira, con participación de todos os axentes implicados e dos grupos políticos con representación parlamentaria, co obxecto de analizar e facer fronte as consecuencias derivadas para este sector do BREXIT.

CSV: REXISTROL3dQ8yHph6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:15:02
Nº Rexistro: 56410
Data envio: 26/09/2019 10:15:02.500

**Resolución número 30**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar a normativa necesaria para articular un réxime específico de protección das persoas denunciantes de prácticas de corrupción e para regular a actuación dos “Grupos de Presión” ante a Xunta de Galicia, co obxecto de reducir riscos de corrupción e mellorar a calidade e a transparencia na toma de decisións públicas.

CSV: REXISTROL3dQ8yHph6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:15:02
Nº Rexistro: 56410
Data envio: 26/09/2019 10:15:02.500

**Resolución número 31**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a redactar e aprobar sen máis demora e en coordinación coas deputacións provinciais e os concellos de Galicia, un *plan xeral de infraestruturas e equipamentos deportivos de Galicia*, logo do seu tratamento parlamentario de acordo ao artigo 142 do Regulamento da Cámara.

CSV: REXISTROL3dQ8yHph6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:15:02
Nº Rexistro: 56410
Data envio: 26/09/2019 10:15:02.500

**Resolución número 32**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a remitir a esta Cámara o *Plan Estratéxico Xacobeo 2021* para que poda ser examinado seguindo o procedemento establecido no artigo 142 do Regulamento do Parlamento de Galicia, tal que se faga viable a presentación polos grupos parlamentarios das propostas de resolución que consideren, enviando conxuntamente a tal efecto a documentación relevante utilizada para a súa elaboración, xunto cunha memoria de actividades das accións a desenvolver, ca súa temporalización, e cunha desagregación dos ingresos e gastos previstos para cada anualidade.

CSV: REXISTROL3dQ8yHph6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Resolución número 33**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reforzar, cun substancial aumento de persoal e medios a reflectir de xeito concreto nos orzamentos de 2020, os instrumentos autonómicos para a mobilización de terras, incluíndo a intermediación para a compravenda de explotacións enteiras, que poida actuar para a mobilización produtiva dos montes veciñais en man común abandonados, que contemple o apoio específico a aqueles proxectos solventes que necesitan terras e non as teñan e que poda xestionar fincas privadas abandonadas.

CSV: REXISTROL3dQ8yHph6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:15:02
Nº Rexistro: 56410
Data envío: 26/09/2019 10:15:02.500

**Resolución número 34**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha un Plan de Retorno a Galicia, para o cal procederá, entre outras cuestións, á creación dunha xanela única para retornados, xestionará un programa de acompañamento individualizado de inserción laboral e social, articulará unha serie de axudas para a contratación ou para o inicio da súa actividade emprendedora, facilitará, de acordo cas universidades, a homologación de títulos académicos, e establecerá bonificacións temporais na cota de autónomos así como na cota autonómica do IRPF.

CSV: REXISTROL3dQ8yHph6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:15:02
Nº Rexistro: 56410
Data envío: 26/09/2019 10:15:02.500

**Resolución número 35**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a traballar pola consecución real e efectiva da igualdade, para o cal impulsará e concretará no primeiro trimestre do 2020, un *Plan de Transformación Social pola Igualdade das mulleres*, no que se inclúan cuestións como medidas de carácter transversal e interseccionais encamiñadas a conseguir unha maior sensibilización social, con especial atención á prevención mediante a aplicación de protocolos de detección nas áreas de educación e sanidade formación de profesionais, aplicación da perspectiva de xénero na elaboración e definición das políticas públicas, fomento dunha cultura igualitaria e inclusiva, consecución e apoio da igualdade real no deporte, uso de redes sociais para a divulgación de campañas e fomento de programas ou medidas que promocionen a igualdade, con especial atención entre a xuventude e o eido educativo, implicación dos medios de comunicación para a erradicación de todo tipo de linguaxe non inclusiva, publicidades ou comentarios de carácter sexista. Igualmente procederá á obrigada implantación do *I Plan de Igualdade da Administración Xeral da Xunta de Galicia*.

CSV: REXISTROL3dQ8yHph6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:15:02
Nº Rexistro: 56410
Data envío: 26/09/2019 10:15:02.500

**Resolución número 36**

O Parlamento de Galicia recoñece a "Emerxencia Feminista" froito da continúa violencia cara ás mulleres e insta a Xunta de Galicia a expresar o seu rexeitamento público a calquera manifestación ou posición política que propugne a eliminación ou minoración das medidas de protección das mulleres fronte á violencia machista, ao tempo que a aprobar, antes de fin de ano, o Pacto Galego contra a Violencia Machista, que contará cunha previsión de dotación orzamentaria concreta e suficiente para a súa posta en marcha, ao tempo que comprometerse co cumprimento dos convenios de autorregulación en todos as entidades do sector público autonómico.

CSV: REXISTROL3dQ8yHph6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Resolución número 37**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a abordar a modificación urxente do plan de rexeneración de antigas minas e canteiras que garanta a seguridade e o máximo respecto medioambiental cun plan de recuperación ambiental e económica das minas e canteiras abandonadas, ao tempo que coordinar as actividades mineiras nun plan para a creación dun sistema integral de xestión de residuos inertes, orientando a este fin os traballos de restauración.

CSV: REXISTROL3dQ8yHph6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:15:02
Nº Rexistro: 56410
Data envío: 26/09/2019 10:15:02.500

**Resolución número 38**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a establecer unha estratexia de loita contra o desemprego que dea prioridade aos colectivos máis desfavorecidos - xente moza, parados de longa duración e desemprego feminino – para o cal incentivarase a contratación indefinida, vinculando estes incentivos a unha taxa de estabilidade, impulsarase un Plan de control contra os abusos laborais en Galicia e fortalecerase o Servicio Público de Emprego establecendo medidas de planificación para a mellora da empregabilidade e potenciando a intermediación. Igualmente deberá incluír un Plan Galego de Dinamización e apoio ás Persoas Traballadoras Autónomas, co obxectivo de revitalizar os negocios que están en marcha e o impulso aos novos, no que se incorpore un Plan Galego de Relevo Xeracional.

CSV: REXISTROL3dQ8yHph6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:15:02
Nº Rexistro: 56410
Data envío: 26/09/2019 10:15:02.500

**Resolución número 39**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a promover un emprego de maior calidade e máis seguro, para o cal potenciará a posta en marcha da Estratexia Galega de Seguridade e Saúde Laboral co fin de diminuír o número de accidentes de traballo e de enfermidades profesionais, para o que se incrementará o seu orzamento ata alcanzar como mínimo os niveis de 2011, ao tempo que aumentaranse o número de sedes territoriais dos servicios de mediación, arbitraxe e conciliación no eido laboral,  elevándoa ata un total de once.

CSV: REXISTROL3dQ8yHph6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:15:02
Nº Rexistro: 56410
Data envio: 26/09/2019 10:15:02.500

**Resolución número 40**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a recuperar os tipos impositivos da escala de gravame do Imposto sobre o Patrimonio vixente nos exercicios inmediatamente anteriores a 2019, dedicando tal aumento de ingresos autonómicos ao financiamento de políticas sociais.

Pazo do Parlamento, 26 de setembro de 2019

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/09/2019 09:09:07**

CSV: REXISTROL3dQ8yHph6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:20:09
Nº Rexistro: 56412
Data envío: 26/09/2019 10:20:09.825

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara e de acordo coas previsións establecidas pola Mesa do Parlamento para o "Debate anual de política xeral: Comparecencia do Sr. Presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia", presenta as seguintes Propostas de Resolución:

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2019

CSV: REXISTROkvVLGUjQe5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:20:09
Nº Rexistro: 56412
Data envio: 26/09/2019 10:20:09.825

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o "Debate anual de política xeral"

Proposta de Resolución nº 1

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a urxir ao Goberno central que transfira de inmediato á Comunidade Autónoma de Galicia os 700 millóns de euros comprometidos para 2019 e que aínda adebeda, polos conceptos de actualización das entregas a conta do exercicio do ano 2019 (330 millóns de euros), devolución da mensualidade do IVE do exercicio de 2017 (200 millóns de euros) e incentivos por cumprir todos os parámetros de estabilidade orzamentaria en 2017 e 2018 (170 millóns de euros), xunto co financiamento dos compromisos adquiridos con Galicia en outras materias como as infraestruturas ou a atención á dependencia".

CSV: REXISTROkvVLGUjQe5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:20:09
Nº Rexistro: 56412
Data envio: 26/09/2019 10:20:09.825

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o "Debate anual de política xeral"

Proposta de Resolución nº 2

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a promover unha dotación de servizos máis ampla en todos os concellos do rural galego a través de medidas como: o desenvolvemento de novas medidas para a mellora de cobertura de telefonía móbil; a garantía, en colaboración coa FEGAMP, do acceso a servizos financeiros; o incremento de recursos de igualdade; o favorecemento de recursos de conciliación para a atención á infancia e a persoas maiores ou a extensión do autobús de coidados porta a porta aos 200 concellos de menos de 5.000 habitantes; todo isto ao tempo que reclama do Goberno central a aprobación definitiva da Estratexia Nacional fronte ao reto demográfico".

CSV: REXISTROkvVLGUjQe5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:20:09
Nº Rexistro: 56412
Data envio: 26/09/2019 10:20:09.825

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o "Debate anual de política xeral"

Proposta de Resolución nº 3

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a ampliar a Tarxeta Benvida para as familias que teñan un terceiro fillo e para as familias que vivan en concellos de menos de 5.000 habitantes así como a garantir a gratuidade da educación infantil de 0 a 3 anos para todas as familias a partir do segundo fillo e negociar co goberno central unha proposta de cofinanciamento para acadar esta gratuidade desde o primeiro fillo".

CSV: REXISTROkvVLGUjQe5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:20:09
Nº Rexistro: 56412
Data envio: 26/09/2019 10:20:09.825

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 4

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver o Plan Estratéxico do Xacobeo 2021, impulsando unha programación de calidade durante os anos 2019 e 2020, e deixando ao remate da lexislatura un gran proxecto sustentable e participativo, preparado para desenvolverse con éxito durante o ano 2021 e que busque a descentralización dos beneficios do Xacobeo a través do impulso de accións singulares nas grandes cidades, dunha liña que promova a chegada de peregrinos a través dos peiraos galegos executando unha liña de melloras nos mesmos e demandando ao Goberno central, no ámbito da súa aportación para o Xacobeo 2021, a financiación do Plan de BICs nos Camiños de Santiago”.

CSV: REXISTROkvVLGUjQe5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o "Debate anual de política xeral"

Proposta de Resolución nº 5

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a complementar os programas e as estratexias que están a permitir a mellora do ensino galego desde a aposta polos idiomas, as tecnoloxías e a innovación educativa, coa aprobación dun novo plan contra o acoso escolar dentro da Estratexia Galega de Convivencia-Educonvives, e dun Plan de orientación profesional nos centros educativos galegos; así como coa progresiva dotación dun segundo orientador nos centros con máis alumnado".

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o "Debate anual de política xeral"

CSV: REXISTROkvVLGUjQe5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:20:09
Nº Rexistro: 56412
Data envio: 26/09/2019 10:20:09.825

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Proposta de Resolución nº 6

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir reforzando a atención ás persoas maiores na súa contorna, prioritariamente a aquelas que viven soas, a través dun protocolo de atención específico, do Servizo de Axuda no Fogar, da teleasistencia avanzada e doutras prestacións e servizos, ao tempo que insta ao Goberno central a que se comprometa coa Lei de dependencia e incremente a súa cota de financiamento destes fondos, desde o 24% actual ata a contorna do 50%".

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o "Debate anual de política xeral"

CSV: REXISTROkvVLGUjQe5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:20:09
Nº Rexistro: 56412
Data envio: 26/09/2019 10:20:09.825

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Proposta de Resolución nº 7

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a declarar o estado de emerxencia climática en Galicia, co obxectivo primordial de comprometer as políticas do goberno galego en facer fronte á emerxencia e acadar a neutralidade climática antes do ano 2050, para o que cómpre activar coa máxima urxencia as medidas da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía e fomentar a adhesión de todos os concellos de Galicia ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía ofrecéndolles asesoramento personalizado para mellorar a súa eficiencia enerxética e a súa resiliencia fronte ao cambio climático. Ao tempo, o Parlamento insta á Xunta de Galicia a que a atención a esta emerxencia climática se acompase coas necesidades do emprego e a industria en Galicia, solicitando do goberno de España un proceso de transición enerxética máis ordenado e xusto, con investimento innovador en tecnoloxías de redución de emisións e con accións compensatorias para as comarcas nas que os obxectivos climáticos para 2050 supoñan impactos significativos para a súa economía e emprego".

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o "Debate anual de política xeral"

CSV: REXISTROkvVLGUjQe5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:20:09
Nº Rexistro: 56412
Data envio: 26/09/2019 10:20:09.825

Proposta de Resolución nº 8

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a aprobar no primeiro semestre de 2020 o Plan Estratéxico de Galicia 2021-2030, cos retos e as liñas estratéxicas para a Galicia da vindeira década, logo dun proceso participativo e tralo seu debate na cámara”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 9

CSV: REXISTROkvVLGUjQe5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:20:09
Nº Rexistro: 56412
Data envio: 26/09/2019 10:20:09.825

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a avanzar no aproveitamento do potencial innovador de Galicia a través dunha nova Estratexia de Innovación para as Pemes para estender o uso da innovación e da creatividade como recurso competitivo do tecido produtivo, así como dunha estratexia de intelixencia artificial, da creación da rede de nodos de especialización tecnolóxica e do desenvolvemento da Estratexia Dixital Galicia 2030 a través do impulso da dixitalización de fogares e estradas".

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o "Debate anual de política xeral"

Proposta de Resolución nº 10

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a cumprir cos obxectivos, o cronograma de implantación e a execución dos 102 millóns de euros previstos para

CSV: REXISTROkvVLGUjQe5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

desenvolver o Plan Galego de Atención Primaria 2019-2021; ao desenvolvemento do Plan galego de Hospitalización a Domicilio para a súa extensión a toda a superficie de Galicia os 365 días do ano; e á presentación antes do remate de 2019 dun Plan Estratéxico de Saúde Mental e antes de finais da lexislatura dun Plan Oncolóxico".

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o "Debate anual de política xeral"

Proposta de Resolución nº 11

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver un novo paquete de impulso fiscal ao rural, tanto directamente nos tributos que dependen de Galicia, como solicitando ao Goberno central que faga o propio nos impostos estatais cos obxectivos de incentivar os arrendamentos pactados a través do Banco de Terras, a mobilización

CSV: REXISTROkvVLGUjQe5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

de parcelas que se integran nun polígono agroforestal, a participación de proxectos de investidores no rural ou o uso de instrumentos de xestión conxunta da terra; ao tempo que dá cumprimento ás propostas do ditame da comisión de estudo sobre política forestal relativas á recuperación de terras agroforestais, nomeadamente dando pulo ao programa de recuperación de Aldeas Modelo e aos proxectos de recuperación de grandes áreas que comezaron no 2017, así como a desenvolver un plan efectivo de instauración de zonas de pastoreo como aproveitamento forestal".

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o "Debate anual de política xeral"

Proposta de Resolución nº 12

"O Parlamento de Galicia condena de forma rotunda todo tipo de violencia contra a muller, declarando ademais a necesidade de que a loita contra a violencia de xénero teña un tratamento específico e diferenciado por responder a condicións sociais

CSV: REXISTROkvVLGUjQe5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:20:09
Nº Rexistro: 56412
Data envio: 26/09/2019 10:20:09.825

distintas do resto das violencias, en particular a existencia dun substrato machista na sociedade contra o que cómpre loitar mediante políticas públicas con perspectiva feminista. Nese sentido, o Parlamento de Galicia condena explicitamente os posicionamentos negacionistas que pretende desvirtuar a dura realidade das vítimas da violencia de xénero así como os intentos de patrimonialización partidista dos avances na loita contra a mesma, e aposta por combatela dende o consenso polo que insta á Xunta de Galicia a seguir avanzando ata desenvolver completamente o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero aprobado con amplo consenso polas Cortes Xerais e comprométese a rematar nesta lexislatura un Pacto Galego sobre a violencia de xénero".

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o "Debate anual de política xeral"

Proposta de Resolución nº 13

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a traballar xunto ás entidades sociais e a Federación Galega de Municipios e Provincias para acadar un consenso que leve á actualización da Axenda Social Única durante o primeiro semestre de 2020".

CSV: REXISTROkvVLGUjQe5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:20:09
Nº Rexistro: 56412
Data envio: 26/09/2019 10:20:09.825

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o "Debate anual de política xeral"

Proposta de Resolución nº 14

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a avanzar na definición dun sistema de colaboración cos concellos e deputacións de Galicia que facilite a xestión do ciclo integral da auga (abastecemento, saneamento e depuración) en condicións de eficiencia e calidade ambiental con especial atención á axeitada explotación das infraestruturas hidráulicas".

CSV: REXISTROkvVLGUjQe5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:20:09
Nº Rexistro: 56412
Data envio: 26/09/2019 10:20:09.825

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o "Debate anual de política xeral"

Proposta de Resolución nº 15

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a afrontar o deseño e definición dunha Estratexia Galega de FP 2020-30 para mellorar as competencias profesionais e emprendedoras en Galicia, que inclúa medidas normativas e actuacións formativas e de relación coas empresas; así como un pulo da cooperación público-privada, da FP Dual e da innovación".

CSV: REXISTROkvVLGUjQe5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:20:09
Nº Rexistro: 56412
Data envio: 26/09/2019 10:20:09.825

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o "Debate anual de política xeral"

Proposta de Resolución nº 16

"O Parlamento insta á Xunta de Galicia a aprobar un Plan de Eficiencia Enerxética 2020-2024 dirixido ás familias, con axudas para redución do consumo enerxético entre as que se inclúa a creación dun programa de axudas co obxectivo de renovar os electrodomésticos dos fogares cara a máquinas máis eficientes, contribuíndo á redución da factura eléctrica, o consumo de enerxía e das emisións de $CO_2$".

CSV: REXISTROkvVLGUjQe5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:20:09
Nº Rexistro: 56412
Data envio: 26/09/2019 10:20:09.825

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o "Debate anual de política xeral"

Proposta de Resolución nº 17

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir reforzando os recursos da sanidade pública, mantendo o compromiso pola estabilización do persoal e as súas condicións laborais, as convocatorias anuais de ofertas públicas de emprego, o desenvolvemento da carreira profesional e as medidas de conciliación; e a continuar coa mellora das infraestruturas sanitarias, tanto dos hospitais e centros de saúde, como dos seus equipamentos".

CSV: REXISTROkvVLGUjQe5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:20:09
Nº Rexistro: 56412
Data envio: 26/09/2019 10:20:09.825

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o "Debate anual de política xeral"

Proposta de Resolución nº 18

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao próximo goberno de España a aprobación na primeira parte da próxima lexislatura de mecanismos que garantan a viabilidade do financiamento da sanidade pública, así como a mellora da rede nacional e as sinerxías no estudo das novas enfermidades e desafíos sanitarios así como que dea cumprimento ás medidas acordadas no Consello Interterritorial de Saúde de abril de 2018 e que elimine do ordenamento legal as restricións impostas ás comunidades autónomas mediante as limitacións ás taxas de reposición de prazas no Sistema Nacional de Saúde cando estas afecten postos de traballo de carácter estable, asunto que este Parlamento xa reclamou por unanimidade en marzo de 2017".

CSV: REXISTROkvVLGUjQe5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:20:09
Nº Rexistro: 56412
Data envío: 26/09/2019 10:20:09.825

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o "Debate anual de política xeral"

Proposta de Resolución nº 19

"O Parlamento galego insta á Xunta a continuar facilitando a mobilidade en Galicia: no transporte público, a través das medidas do Plan de Transporte Público de Galicia que recolle melloras no servizo como o transporte compartido, transporte a demanda, paradas seguras para colectivos de risco ou a extensión da tarxeta Xente Nova aos menores de 21 anos, ao tempo que abordando conxuntamente co sector do taxi medidas de dinamización que faciliten unha adaptación e modernización do sector que promova e apoie cuestións como a progresiva substitución do parque por vehículos híbridos ou eléctricos ou un cambio normativo que favoreza unha maior flexibilidade para o establecemento de tarifas máis competitivas. No transporte privado, a través da ampliación das bonificacións nas peaxes das autoestradas autonómicas estendéndoas ás familias numerosas e solicitando do Goberno do Estado a aplicación de descontos análogos nas autoestradas galegas dependentes del".

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTROkvVLGUjQe5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:20:09
Nº Rexistro: 56412
Data envío: 26/09/2019 10:20:09.825

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o "Debate anual de política xeral"

Proposta de Resolución nº 20

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver o marco normativo e os sistemas necesarios para o establecemento dun sistema integrado, coordinado e homoxéneo de xestión de dexeccións gandeiras en Galicia, que incorpore: a regulación da autoaplicación de dexeccións por parte das explotacións; a implantación de centros de xestión de dexeccións gandeiras; a acreditación e control de todas as operacións de xestión de dexeccións gandeiras que supoñan a súa aplicación como fertilizantes ou emendas agrícolas; o aproveitamento dos sistemas de información xeográfica na xestión das axudas á PAC e a valorización das fraccións que constitúan residuos de natureza orgánica".

CSV: REXISTROkvVLGUjQe5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:20:09
Nº Rexistro: 56412
Data envio: 26/09/2019 10:20:09.825

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o "Debate anual de política xeral"

Proposta de Resolución nº 21

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a deseñar un programa que potencie o turismo interno, especialmente en temporada baixa, desenvolvendo un sistema de estadías, que axuden a manter a estrutura produtiva e turística do país durante todo o ano, fomentando o orgullo e o coñecemento do propio e impulsando o emprego".

CSV: REXISTROkvVLGUjQe5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:20:09
Nº Rexistro: 56412
Data envio: 26/09/2019 10:20:09.825

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o "Debate anual de política xeral"

Proposta de Resolución nº 22

"O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a continuar coa modernización e racionalización das titulacións universitarias atendendo a evolución de perfís profesionais no horizonte de 2030 e, para facilitar o acceso e a permanencia dos estudantes nos estudos universitarios, a crear de xeito progresivo graos abertos polos que o alumnado pode elixir durante ano e medio materias de varias carreiras antes de decidirse definitivamente por una delas".

CSV: REXISTROkvVLGUjQe5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:20:09
Nº Rexistro: 56412
Data envio: 26/09/2019 10:20:09.825

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o "Debate anual de política xeral"

Proposta de Resolución nº 23

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar unha atención especial e redobrada aos aspectos sociais do eido marítimo-pesqueiro, con atención senlleira á consecución dunha remuda xeracional na pesca. En particular, demandarase da Unión Europea o apoio económico para aquelas melloras a bordo que teñan que ver con avances en habitabilidade, seguridade e conectividade, así como se apostará pola formación dándolle de novo pulo á FP dual. Ademais, renovarase e adecuarase o apoio social no caso de accidentes mediante a prestación de axudas específicas e disporanse medidas conducentes a evitar as perdas de ingresos por posibles disfuncións no sistemas de control de biotoxinas".

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o "Debate anual de política xeral"

CSV: REXISTROkvVLGUjQe5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:20:09
Nº Rexistro: 56412
Data envio: 26/09/2019 10:20:09.825

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Proposta de Resolución nº 24

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar a colaboración de todas as institucións para reivindicar o centenario da Xeración Nós e a continuar impulsando medidas que fomenten a transmisión da lingua galega no seo das familias, así como ao desenvolvemento do Plan de Dinamización da Lingua Galega na Mocidade de Galicia para fomentar a creación de espazos de socialización en galego".

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o "Debate anual de política xeral"

Proposta de Resolución nº 25

CSV: REXISTROkvVLGUjQe5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:20:09
Nº Rexistro: 56412
Data envío: 26/09/2019 10:20:09.825

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a poñer en marcha a recentemente aprobada Estratexia da Cultura Galega, desenvolvendo as súas 100 primeiras medidas no primeiro semestre do ano próximo, colaborando cos todos os axentes implicados e da man dos sectores e industrias culturais, ao tempo que convoca novas liñas de axudas para dixitalizar o fondo patrimonial galego, custodiado por institucións non dependentes da administración autonómica, para incorporalo á Memoria Dixital de Galicia e facilitar a súa preservación e o seu acceso universal a través da canle de difusión, Galiciana".

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o "Debate anual de política xeral"

Proposta de Resolución nº 26

CSV: REXISTROkvVLGUjQe5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:20:09
Nº Rexistro: 56412
Data envio: 26/09/2019 10:20:09.825

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que inicie a planificación de novos ámbitos de solo residencial destinados á construción de vivendas protexidas nas cidades galegas nas que se prevé unha demanda dos mesmos nos próximos anos.”.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 27

CSV: REXISTROkvVLGUjQe5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:20:09
Nº Rexistro: 56412
Data envio: 26/09/2019 10:20:09.825

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que solicite ao Goberno de España que, como complemento a execución das políticas de fomento do retorno emprendidas polo goberno galego, tome as medidas necesarias para favorecer a integración familiar e persoal das persoas retornadas, particularmente a axilización da homologación de títulos académicos das persoas retornadas e dos membros da súa familia e a redución dos trámites e axilización da concesión dos permisos de residencia e traballos dos cónxuxes e descendentes, sen nacionalidade española, dos galegos retornados".

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o "Debate anual de política xeral"

Proposta de Resolución nº 28

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia esixir do Goberno de España que reconduza as súas relacións coa Xunta de Galicia baixo o principio da lealdade

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTROkvVLGUjQe5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:20:09
Nº Rexistro: 56412
Data envio: 26/09/2019 10:20:09.825

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

institucional de xeito que non se tomen decisións unilaterais que afecten de xeito negativo ao exercicio das competencias de cadaquén"

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o "Debate anual de política xeral"

Proposta de Resolución nº 29

"O Parlamento de Galicia expresa o seu compromiso co avance do proceso de construción europea e insta á Xunta de Galicia a demandar o reforzo da participación rexional nas institucións europeas así como a utilizar a súa propia participación para

CSV: REXISTROkvVLGUjQe5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:20:09
Nº Rexistro: 56412
Data envio: 26/09/2019 10:20:09.825

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

avanzar nos obxectivos de paliar as consecuencias da saída do Reino Unido da Unión Europea e de enfocar a evolución do proxecto europeo sobre un impulso das políticas comúns fiscais e de cohesión".

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o "Debate anual de política xeral"

Proposta de Resolución nº 30

"O Parlamento de Galicia declara o seu apoio aos sectores industriais de Galicia como peza fundamental da nosa economía e ao emprego que xeran, para o que insta á Xunta de Galicia a completar o desenvolvemento da Axenda Industria 4.0 e do Plan Galicia Innova 2020, así como a dirixirse ao Goberno central para que acometa as medidas necesarias para preservar o emprego e potenciar sectores produtivos como o da automoción, o naval, o forestal, a minería ou a produción de enerxía en todas as súas variantes, nomeadamente con medidas que garantan a continuidade do emprego

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTROkvVLGUjQe5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nas centrais térmicas de As Pontes e Meirama, así como na factoría de Alcoa en San Cibrao, de Parter na Coruña, MEGASA, Ferroatlántica e a totalidade de empresas electrointensivas de Galicia".

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 31

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reforzar as medidas de prevención contra os lumes forestais a través da actualización da planificación de distrito referente aos incendios, incorporando os novos plans municipais nun prazo de dous anos, así como a promover actuacións en perímetros de alto risco naquelas zonas onde este risco, combinado co estado de abandono, as fagan urxentes”.

CSV: REXISTROkvVLGUjQe5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:20:09
Nº Rexistro: 56412
Data envio: 26/09/2019 10:20:09.825

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o "Debate anual de política xeral"

Proposta de Resolución nº 32

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a estender á totalidade dos xulgados galegos o modelo de salas de vistas integramente dixitais, dotadas co equipamento necesario para permitir a celebración da vista nun contexto de expediente dixital electrónico; ao tempo que aborda, tamén, a dotación tecnolóxica nas salas de declaración tipo Gesell (salas habilitadas para tomarlle declaracións aos menores) que se demandan nas principais sedes xudiciais; ao tempo que a dirixirse ao goberno do Estado para que dote a Galicia das unidades xudiciais que precisa e reforce os órganos xudiciais nas xurisdicións necesitadas de apoio, para o que deberá considerar prioritaria a proposta de novos xulgados para Galicia que realice a Comisión Mixta formada por Xunta e Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e evitar que se produzan

CSV: REXISTROkvVLGUjQe5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:20:09
Nº Rexistro: 56412
Data envío: 26/09/2019 10:20:09.825



situacións como a producida en 2018 que impediu dotar de Xulgado do Social á cidade de Lugo".

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o "Debate anual de política xeral"

Proposta de Resolución nº 33

"O Parlamento de Galicia reitera a súa solidariedade co pobo de Venezuela, ante a grave crise económica, política e social que derivaron na peor crise humanitaria da súa historia, e en especial coas persoas galegas residentes nese país, ás que apoiamos na defensa dos seus dereitos fundamentais que se ven conculcados de xeito cotiá.  Así mesmo, insta a Xunta de Galicia para que reclame ao Goberno do Estado que actúe no ámbito das súas competencias de xeito directo ou ante o Goberno de Venezuela, segundo proceda, para facer posible a súa garantía".

CSV: REXISTROkvVLGUjQe5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510  F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:20:09
Nº Rexistro: 56412
Data envio: 26/09/2019 10:20:09.825

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o "Debate anual de política xeral"

Proposta de Resolución nº 34

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia demandar do Goberno de España que se cumpran os prazos comprometidos de xeito que o AVE de conexión coa Meseta e resto de capitais españolas estea en probas antes de que remate este ano e que en 2020 estea funcionando con todas as garantías de seguridade e poidan mercarse os billetes; así como a solicitar do Goberno central unha planificación dos investimentos necesarios para a renovación das conexións ferroviarias de mercancías de Galicia aproveitando a chegada do novo ramal do Corredor Atlántico que conectará o noroeste peninsular, particularmente o treito ferroviario Ponferrada-Monforte, a conexión Monforte-Ourense-Vigo, a conexión A Coruña-Lugo-Monforte, a conexión A Coruña-Ferrol, a saída sur de Vigo e conexión con Oporto e as conexións coas principais plataformas loxísticas e cos portos de interese xeral do Estado".

CSV: REXISTROkvVLGUjQe5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:20:09
Nº Rexistro: 56412
Data envio: 26/09/2019 10:20:09.825

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o "Debate anual de política xeral"

Proposta de Resolución nº 35

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver una atención especial dedicada á detección da presenza, influencia biolóxica e impacto sobre especies pesqueiras, marisqueiras e acuícolas dos plásticos e microplásticos, levando a cabo accións de minoración da súa presenza no medio mariño e campañas de concienciación destinadas á prevención do seu vertido, especialmente entre os máis novos. Amais, continuarase coa liña de saneamento integral das rías e espazos costeiros, de forma que se amplíe a mellora da calidade das augas nestas áreas".

CSV: REXISTROkvVLGUjQe5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:20:09
Nº Rexistro: 56412
Data envio: 26/09/2019 10:20:09.825

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o "Debate anual de política xeral"

Proposta de Resolución nº 36

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Estado as actuacións encamiñadas a consensuar e facilitar a coordinación entre as distintas administracións -local, provincial, autonómica e estatal- das diferentes accións a levar a cabo en materia de Memoria Histórica, no marco das competencias que lle correspondan a cada unha delas".

CSV: REXISTROkvVLGUjQe5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:20:09
Nº Rexistro: 56412
Data envio: 26/09/2019 10:20:09.825

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o "Debate anual de política xeral"

Proposta de Resolución nº 37

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a mellorar as condicións de traballo das persoas empregadas públicas do sector público autonómico a través de medidas como a aprobación dunha normativa singular de acceso á función pública para as persoas con discapacidade, a extensión da flexibilidade horaria (a vítimas de violencia de xénero ou persoas que atendan familiares con discapacidade) ou a mellora das contornas de traballo con proxectos de aforro, eficiencia enerxética e mellora arquitectónica dos edificios administrativos xunto co incremento do número de prazas de escola infantil nos mesmos".

CSV: REXISTROkvVLGUjQe5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:20:09
Nº Rexistro: 56412
Data envio: 26/09/2019 10:20:09.825

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o "Debate anual de política xeral"

Proposta de Resolución nº 38

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a promover a empregabilidade feminina en sectores que contan cunha importante demanda de profesionais, impulsando un programa formativo que facilite a incorporación de mulleres a ámbitos profesionais masculinizados, fundamentalmente na industria

CSV: REXISTROkvVLGUjQe5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:20:09
Nº Rexistro: 56412
Data envío: 26/09/2019 10:20:09.825

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o "Debate anual de política xeral"

Proposta de Resolución nº 39

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a trasladar ao Goberno de España e aos grupos políticos representados no Congreso e Senado o apoio deste Parlamento para impulsar, dentro do marco constitucional e por consenso, unha reforma da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral encamiñada a dotar de maior estabilidade ás institucións a través de mecanismos que garantan o acceso aos gobernos daquelas candidaturas que acaden un maior apoio popular nos distintos procesos electivos, así como para que os españois residentes no exterior poidan exercer o seu dereito a voto coas mesmas garantías que os residentes no territorio español, eliminando a solicitude (rogo) do voto, combinando todas as posibilidades de participación electoral que sexan posibles e simplificando o procedemento en beneficio da eficiencia e a axilidade".

CSV: REXISTROkVVLGUjQe5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:20:09
Nº Rexistro: 56412
Data envío: 26/09/2019 10:20:09.825

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposta de Resolución, para o "Debate anual de política xeral"

Proposta de Resolución nº 40

"O Parlamento de Galicia condena o uso da violencia terrorista como vehículo para alcanzar calquera obxectivo político, así como todos aqueles pronunciamentos que dende os ámbitos institucionais, políticos ou sociais intenten lexitimar, xustificar, relativizar ou minimizar o terrorismo. Asemade o Parlamento de Galicia traslada a súa felicitación e agradecemento ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado polas actuacións que ao longo do presente ano permitiron a desarticulación de grupos terroristas vinculados ao yihadismo e ao secesionismo galego e catalán".

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: REXISTROkVVLGUjQe5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 10:20:09
Nº Rexistro: 56412
Data envio: 26/09/2019 10:20:09.825

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Pedro Puy Fraga na data 26/09/2019 10:19:06

CSV: REXISTROkvVLGUjQe5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510  F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com